Abstract: Properly planning an inspection strategy is key to detecting fraud *a posteriori*, as well as proactively preventing non-compliance with the standard. Among the traditional formulas for selecting the subjects to be inspected, the use of *big data* and algorithms has recently been introduced. This technology promises to improve the “hits” when selecting which companies to investigate for possible crimes or fraud. However, this may raise legal problems regarding the protection of the data used by the Administration and also in the application of the principle of equality and non-discrimination in the selection of objectives of the Inspection. Usually, the rules to avoid violation of Fundamental Rights of citizens require transparency from the Administration, the so-called “algorithmic transparency”. However, as discussed in this work, such transparency could frustrate the objectives pursued in the use of the tool. This work analyzes, on the one hand, the use of big data in the strategic planning of inspection campaigns and, on the other, the legal challenges that this represents, with special recognition of the applicable principles and the incipient judicial doctrine in countries around us.

Key words: Algorithms and Public Administration, big data, selection of subjects to investigate, algorithmic transparency, AI and Public Administration, Labour and Social Security Inspectorate.

SUMARIO: 1 A selección de suxeitos obxecto dunha investigación. 2 Retos legais: protección de datos e dereitos fundamentais afectados. 2.1 Aplicación do *big data* para seleccionar persoas xurídicas ou empresas. 2.2 Aplicación para a selección de persoas físicas ou autónomos. 2.2.1 Protección de datos e autónomos. 3 Límites xurídicos á aplicación de *big data* na loita contra a fraude laboral. 3.1 Decisións automatizadas e protección de datos. 3.2 Garantías fronte á toma de decisións automatizada. 3.3 Discrecionalidade administrativa na elección de suxeitos a investigar e garantías fronte á arbitrariedade ou discriminación. 4 *Big data* como método de selección da inspección na xurisprudencia comparada: Francia e Holanda. 5 Síntese dos retos legais na implantación do *big data* como método de selección de suxeitos a investigar e algunhas recomendacións. 6 Conclusións: vantaxes e límites do uso do *big data* na inspección. 6.1 Beneficios achegados. 6.2 Límites no uso do *big data*.

1 A selección de suxeitos obxecto dunha investigación

O dereito do traballo e da seguridade social parte, como presuposto habilitante da súa propia existencia, dun desequilibrio de poder entre as partes suxeitas a este. Isto non soamente ten efectos en materia de negociación de condicións de traballo, senón tamén nas posibilidades da parte débil de exixir o cumprimento dos seus dereitos. Por esta razón, a construción de ordenamento social, desde as súas orixes, veu acompañado da necesidade dunha vixilancia e control de carácter público do seu cumprimento. Isto realizouse e realízase, principalmente, a través da Inspección de Traballo e da Seguridade Social.

Actualmente existen diferentes fórmulas para conseguir o cumprimento da norma por parte dos obrigados; non obstante, a realización de indagacións e a proposta de

sancións en caso de descubrir un incumprimento seguen a ser as principais ferramentas con que conta o Estado para facer cumprir as súas normas¹.

Un exitoso programa de inspeccións non ten como consecuencia soamente os efectos directos en cada acción individual (en termos de conseguir o cumprimento do inspeccionado, por exemplo, a recadación obtida desa inspección). Pola contra, existen outros efectos indirectos, en moitos sentidos máis relevantes, para o mantemento xeral do nivel de cumprimento das normas².

En efecto, a existencia dun sistema eficiente de control que localice e castigue os que infrinxen a norma convencerá o resto de obrigados que cumprila redunda no seu beneficio³. Pola súa vez, incrementará a percepción de poder ser inspeccionado, algo que, de acordo co modelo estándar de cumprimento das normas, conducirá a un incremento do cumprimento voluntario⁴. Por último, un sistema de inspección que audite e castigue os que contraveñen a norma porá fin á competencia desleal entre as empresas, eliminando unha posible necesidade de incumprir para poder competir no mercado en igualdade de condicións.

Non obstante, a ninguén lle escapa que o proceso de inspección é un proceso intrusivo non moi benvido polas empresas⁵. Mesmo para as empresas que non infrinxen ningunha normativa, e non reciben ningún requirimento nin sanción, a presenza da Inspección nas súas instalacións e a solicitude de información é unha intromisión que altera a normal convivencia dentro desta. Sumado ao anterior, as inspeccións son un procedemento custoso, tanto en capital humano como financeiro para o Estado⁶.

A Inspección debe, por esta razón, usar os seus limitados recursos de xeito prudente para obter o máximo nivel de cumprimento coa mínima intrusión e os mínimos custos⁷. Planear axeitadamente unha estratexia de inspeccións é clave para detectar a fraude *a posteriori*, así como para proactivamente previr que existan incumprimentos da norma. É dicir, partindo da hipótese de que inspeccionar unha empresa que cumpre coa norma proporciona poucos beneficios á prevención da fraude, a selección dos suxeitos obxecto da inspección será esencial. O obxectivo, pois, será planificar

¹ OCDE, *Compliance Risk Management: Audit Case Selection Systems*, OECD Press, París, 2004, p. 6.

² OCDE, *Compliance Risk Management: Audit Case Selection Systems*, cit., p. 7.

³ GUPTA, M. e NAGADEVARA, V., "Audit Selection Strategy for Improving Tax Compliance – Application of Data Mining Techniques", *Foundations of E-Government – Conference Proceedings, 11th International Conference on e-Governance*, Hyderabad, India, 2007, p. 378.

⁴ BECKER, G., "Crime and Punishment: An Economic Approach", *Journal of Political Economy*, n. 76-2, 1968, pp. 169-217; SRINIVASAN, T.N., "Tax Evasion: A model", *Journal of Public Economics*, n. 2, issue 4, 1973, pp. 339-346; YITZHAKI, S., "Income tax evasion: A theoretical analysis", *Journal of Public Economics*, n. 3, issue 2, 1974. ALLINGHAM, M.G. e SANDMO, A., "Income Tax Evasion: A Theoretical Analysis", *Journal of Public Economics*, n. 1, 1972, pp. 323-338.

⁵ GUPTA, M. e NAGADEVARA, V., "Audit Selection Strategy for Improving Tax Compliance – Application of Data Mining Techniques", cit., p. 378.

⁶ BONCHI, F., GIANNOTTI, F., MAINETTO, G. e PEDRESCHI, D., "A classification-based methodology for planning audit strategies in fraud detection", *KDD '99: Proceedings of the fifth ACM SIGKDD international conference on Knowledge discovery and data mining*, 1999, p. 176. Dispoñible en: <https://dl.acm.org/doi/10.1145/312129.312224> (Consultado o 6 de abril de 2020).

⁷ GUPTA, M. e NAGADEVARA, V., "Audit Selection Strategy for Improving Tax Compliance – Application of Data Mining Techniques", cit., p. 378.

estratexicamente a actuación inspectora de tal forma que cada inspección se realice sobre unha empresa que incumpra.

Neste sentido, parece que hai campo para a mellora nalgúns sectores. De acordo co Informe anual 2018 da Inspección de Traballo e Seguridade Social, en materia de contratación de traballadores, a actividade planificada ofreceu os seguintes resultados. Dun total de 55.640 actuacións, detectouse a comisión de 3.877 infraccións sancionables. Iso significa que o “acerto”, á hora de seleccionar as empresas obxecto da inspección durante unha campaña dirixida, foi do 6%⁸ aproximadamente. Respecto ao tempo de traballo, realizáronse 20.465 actuacións cun resultado de 5.230 infraccións⁹, o que implica un éxito do 25%.

En xeral, en materia de emprego e relacións laborais, incluíndo non só a actividade planificada, senón tamén aquela realizada como resposta a unha denuncia, o nivel de acerto á hora de realizar unha inspección que rematase na detección dun incumprimento sancionable foi do 12%¹⁰. Iso implica, en sentido contrario, que se usaron recursos da Inspección e se alterou o normal funcionamento dunha empresa nun 88% dos casos, sen que ese comportamento viñese xustificado pola gravidade do incumprimento desta¹¹.

Por outra banda, existe outro fenómeno que merece atención específica. En materia de prevención de riscos laborais no sector da construción, do total de 28.134 ordes de servizo, a suma de requirimentos e infraccións –aquí a memoria da Inspección non dá datos desagregados– foi de 32.345. Iso significa un acerto do 114% na actuación. Este non é un fenómeno específico da construción, dado que o acerto no resto de sectores se sitúa no 126%. Isto é, *grosso modo* e en termos xerais, en cada empresa visitada detectáronse de media 1,26 incumprimentos. Estes datos amosan conclusións preocupantes.

Dun lado, podería implicar un grande acerto por parte da Inspección de Traballo á hora de seleccionar que empresas son auditadas en materia de prevención de riscos. No entanto, sen información ningunha que faga pensar que existe un xeito distinto de seleccionar as empresas inspeccionadas nesta materia das anteriores que se acaban de ver, probablemente máis ben supoña un incumprimento sistemático nesta materia. Non obstante, iso non significa que a planificación estratéxica resulte innecesaria nesta materia, senón que o obxectivo da planificación en materia de prevención debería

⁸ Iso supondo que cada infracción foi a unha única empresa, sendo posible tamén que as sancións por contratación fraudulenta de traballadores temporais se concentrasen nunhas poucas empresas, o que reduciría aínda máis o nivel de acerto. Por outro lado, a memoria tamén recolle un total de 21.199 requirimentos. Iso significa, probablemente, que se atoparon irregularidades nesas empresas, aínda que de insuficiente relevancia como para seren sancionadas. Contando tamén cos requirimentos, o nivel de “acerto” situaríase no 45%.

⁹ Igualmente, neste caso, poderíanse engadir os 6.040 requirimentos que se realizaron nesta materia, dando un resultado de acerto neste caso do 55%.

¹⁰ Tendo en conta os requirimentos, o nivel de éxito sería do 40%.

¹¹ Todo iso aos ollos da propia Inspección de Traballo e da Seguridade Social, que, tras iniciar a inspección, decidiu non sancionar. Por suposto, tamén é posible que a decisión final de non sancionar viñese causada non porque non exista incumprimento que mereza ser sancionado, senón pola falta de probas que o acrediten. Non obstante, este argumento non resta razóns ao aquí sustentado. Se a Inspección audita unha empresa e finalmente non atopa probas suficientes para sancionar, non se terá producido o efecto indirecto en termos de prevención xeral tan necesario nestas actuacións e no uso de recursos.

ser distinto. Neste sentido, non se debería pretender atopar algún incumprimento, do tipo que sexa, por cada inspección, senón seleccionar as empresas que realizan os incumprimentos máis graves.

En efecto, a planificación estratéxica debe pretender sempre maximizar os resultados da actuación inspectora¹². Por isto, na planificación, o obxectivo será decidir auditar aquelas empresas onde existe un risco maior dun incumprimento *grave*. En materia de prevención de riscos laborais, esta diferenciación é sinxela de observar. Non será o mesmo, á hora de decidir auditar unha empresa ou outra, que unha incumpra unha normativa que implique un alto risco de accidente mortal que outra que implique riscos menores. Non se pon en dúbida a necesidade de auditar todas as empresas incumpridoras. Non obstante, sendo os recursos escasos, pode ter sentido priorizar estratéxicamente a redución dos accidentes máis graves.

Por esta razón, nos últimos anos impulsouse, desde moitas administracións¹³, o uso de tecnoloxías da información –*big data*, *data mining*, *machine learning*, algoritmos, intelixencia artificial, etc.– co obxecto de mellorar a selección das empresas a inspeccionar ou de obxectivos das campañas, baseándose no procesamento automatizado dos datos.

Este traballo ten como obxectivo discutir os beneficios e limitacións do uso da tecnoloxía do *big data* como forma de tomar decisións respecto a que empresas inspeccionar en materia de traballo e seguridade social. Para iso, na epígrafe 2 analizaranse os distintos modelos de selección de empresas obxecto desta inspección. A terceira epígrafe dedicarase ás mecánicas de funcionamento do sistema de valoración da fraude. A cuarta, á necesidade de avaliar os resultados. A quinta considera os retos legais en materia de protección de datos, intimidade e regulación antidiscriminatoria da implantación do sistema. O traballo remata concluindo coas vantaxes e límites desta tecnoloxía en materia de prevención da fraude.

Regap



ESTUDIOS

2 Retos legais: protección de datos e dereitos fundamentais afectados

O uso de algoritmos, a clasificación dos suxeitos mediante perfís de risco de incumprimento e o tratamento de datos de forma automatizada a través das técnicas descritas neste traballo co obxecto de seleccionar as empresas que cómpre inspeccionar pode formular múltiples problemas xurídicos. Por unha banda, as normas de protección de datos e, pola outra, as normas antidiscriminación e de protección da intimidade poden supor límites xurídicos ao uso destas técnicas.

A análise particularizada da legalidade do emprego destas técnicas dificilmente pode facerse neste momento de forma abstracta e *a priori* sen coñecer exactamente

¹² BONCHI, F., GIANNOTTI, F., MAINETTO, G. e PEDRESCHI, D., "A classification-based methodology for planning audit strategies in fraud detection", cit.

¹³ COMISIÓN EUROPEA, *Risk Management Guide for Tax Administrations*, Bruxelas, 2006. Dispoñible en: https://ec.europa.eu/taxation_customs/sites/taxation/files/resources/documents/taxation/tax_cooperation/gen_overview/risk_management_guide_for_tax_administrations_en.pdf. OCDE, *OECD Regulatory Enforcement and Inspections Toolkit*, París, 2018, p. 13.

as mecánicas e o tipo de información que o sistema utiliza. Por iso, esta epígrafe límitase a sinalar os retos xurídicos que pode presentar este uso e os principios legais que deben orientar a adopción destas técnicas por parte da Inspección. Para efectuar esta análise, primeiro débese dividir a cuestión entre os suxeitos afectados: dun lado, o uso do *big data* para seleccionar persoas xurídicas ou empresas e, doutro, para seleccionar profesionais autónomos ou persoas individuais.

2.1 Aplicación do *big data* para seleccionar persoas xurídicas ou empresas

A necesaria segmentación respecto á selección de persoas xurídicas fronte á selección de persoas físicas parte da propia división realizada pola normativa. En efecto, o RXPDP circunscríbese á protección de *datos persoais*, incluíndo soamente os datos das persoas físicas e excluindo do seu ámbito de aplicación os datos das persoas xurídicas (art. 1 e 2 RXPDP)¹⁴.

Deste xeito, o tratamento automatizado de datos das empresas e o seu procesamento a través de técnicas de *big data* non vén protexido por esta normativa¹⁵. Serán os principios xerais, a obriga da Administración de rexerse baixo o principio de legalidade, de igualdade de trato e a prohibición de arbitrariedade os que determinarán as súas posibilidades de uso. Iso leva a que, no emprego do *big data* para a selección de empresas a investigar, á falta de normativa específica en materia de protección de datos, se apliquen os controis clásicos e habituais na Administración.

2.2 Aplicación para a selección de persoas físicas ou autónomos

En materia de vixilancia do cumprimento da normativa social, a Inspección tamén é a encargada de controlar a posible fraude de prestacións sociais recibidas por persoas físicas e o cumprimento da normativa laboral por parte de profesionais autónomos respecto á Seguridade Social propia e en canto á súa posición como empregador.

2.2.1 Protección de datos e autónomos

Unha primeira cuestión que xorde é se a normativa en materia de protección de datos persoais se aplica aos autónomos e profesionais no exercicio da súa profesión. A este respecto xorden dúbidas dado que, a pesar de que son persoas físicas, interactúan como empresarios no mercado. Esta cuestión foi tratada pola doutrina xudicial e chegou á conclusión de que se entende que soamente están excluídos do ámbito de

¹⁴ Expresamente, o artigo 4 define «datos persoais» como «toda información sobre unha persoa física identificada ou identificable («o interesado»); considerárase persoa física identificable toda persoa cuxa identidade poida determinarse».

¹⁵ Non obstante, téñase en conta que os datos da empresa ou da actividade empresarial quedarán excluídos da aplicación desta normativa, pero non os datos dos profesionais e traballadores (persoa física) que se atopen integrados na organización; ver Informe xurídico AEPD 2008/0371.

aplicación da normativa de protección de datos aqueles profesionais que exercen a súa actividade baixo a forma de persoa xurídica¹⁶.

En efecto, a Sentenza da Audiencia Nacional do 21 de novembro de 2002 (rec. 881/2000) considera que a publicación dos datos identificativos dos arquitectos está protexida pola LOPD, posto que son datos que *“se refiren a profesionais que non exercen a súa actividade baixo forma de empresa, non tendo en consecuencia a condición de comerciante á cal se refiren os artigos primeiro e seguintes do Código de comercio”*.

No mesmo sentido, a SAN do 11 de febreiro de 2004 (rec. 119/2002) sinala que *“no caso examinado o dato do afectado, aínda que se refira ao lugar de exercicio da súa profesión é un dato dunha persoa física cunha actividade profesional cuxa protección cae na órbita da Lei orgánica 15/1999”*.

Tamén o Tribunal Supremo –Sala 3.^a– en Sentenza do 20 de febreiro de 2007 (rec. 732/2003) é do mesmo parecer ao establecer que *“Está claro que os arquitectos e promotores a que se refire o litixio participan da natureza de persoas físicas e que non deixan de selo pola súa condición de profesionais ou axentes que interveñen no mercado da construción, polo que os datos persoais relativos a estes quedan amparados e suxeitos en canto ao seu tratamento informatizado ás previsións da LORTAD; e é que desde este punto de vista subxectivo a exclusión do ámbito de aplicación da LORTAD non vén determinado polo carácter profesional ou non do afectado ou titular dos datos obxecto de tratamento, senón pola natureza de persoa física ou xurídica titular dos datos, en canto só as persoas físicas se consideran titulares dos dereitos a que se refire o artigo 18.4 da Constitución”*.

Desta forma, os datos profesionais dos traballadores autónomos –en canto son persoas físicas– estarán amparados pola normativa en materia de protección de datos persoais vixente.

3 Límites xurídicos á aplicación do *big data* na loita contra a fraude laboral

3.1 Decisións automatizadas e protección de datos

Aclarado que a normativa en materia de protección de datos será aplicable tanto a profesionais autónomos como a persoas físicas –perceptores de prestacións sociais–, vaise agora analizar o réxime xurídico aplicable.

O RXPDP, no seu artigo 6.1 e), establece que o tratamento de datos das persoas físicas é lícito se *“é necesario para o cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento”*. Así pois, co amparo da Lei 23/2015, do 21 de xullo, ordenadora do Sistema de Inspección de Traballo e Seguridade Social –concretamente o seu artigo 18.2 e 18.4 –, a recollida e tratamento destes datos será lícita.

¹⁶ AEPD R/00598/2007.

Adicionalmente, aínda que a recollida de datos e o seu tratamento sexan lícitos conforme se acaba de ver, o artigo 22 do RXPDP fixa unha regra específica para a toma de decisións baseadas unicamente neste tratamento automatizado ou na elaboración de perfís. En concreto, este artigo prohibe¹⁷ que unha decisión final, que teña efectos xurídicos sobre o suxeito¹⁸, estea baseada unicamente neste tratamento automatizado ou perfil elaborado polo algoritmo sen intervención humana. Isto pode afectar de cheo ás posibilidades de seleccionar automatizadamente (ou mediante perfís de persoas físicas ou autónomos) os suxeitos a inspeccionar.

Non obstante, esta prohibición aplícase só se non existe ningún tipo de intervención humana na selección final do suxeito obxecto da inspección. En efecto, o artigo 22 RXPDP que aquí se analiza soamente prohibe a “decisión baseada *unicamente* no tratamento automatizado”. Por esta razón, se existe intervención humana *significativa* na toma de decisión, non será de aplicación esta imposibilidade¹⁹.

Neste sentido, nos casos en que a decisión final queda en mans do inspector, cuxa decisión será tomada conforme a súa experiencia usando unicamente o índice de risco de incumprimento como un factor a ter en conta, non parece que nos atopemos no suposto prohibido do artigo 22 RXPDP. Da mesma forma, se os plans estratéxicos e as campañas son decididos polos responsables da Inspección, tampouco parece que se estivese ante este suposto²⁰.

En calquera caso, unha vez máis, o artigo 22 RXPDP establece excepcións á súa aplicación. O regulamento permite que se elaboren decisións totalmente automatizadas, sempre que iso veña autorizado polo dereito nacional (art. 22.1 b RXPDP). Así, o artigo 16.3 da Lei 23/2015 considera a posibilidade de que a Inspección reciba datos cedidos pola Axencia Tributaria e a Seguridade Social, incluíndo os datos persoais obxecto de tratamento automatizado. Esta parece unha habilitación suficiente tendo en conta que a cesión de datos sempre é un exercicio máis intenso que o mero tratamento; así pois, poderíase soste que quen pode o máis pode o menos (se se permite legalmente a cesión dos datos, permítese o seu tratamento automatizado). Porén, en caso de que se desexa poder seleccionar os suxeitos obxecto da inspección sen intervención

¹⁷ Literalmente, o artigo 22 RXPDP non establece unha prohibición, senón que a regra se configura como “o dereito a non ser obxecto deste tipo de decisións”. Non obstante, como xa se discutiu e argumentou noutro lugar (TODOLÍ SIGNÉS, A., “La gobernanza colectiva de la protección de datos en las relaciones laborales: *big data*, creación de perfiles, decisiones empresariales automatizadas y los derechos colectivos”, *Revista de Derecho Social*, n. 84, 2018), este dereito debe entenderse como unha prohibición tal como o interpreta o GT29, *Guidelines on Automated individual decision-making and Profiling for the purposes of Regulation 2016/679*, 2016 (adoptadas o 3 de outubro de 2017), p. 13. Isto é, configúrase como unha prohibición –sen necesidade de reclamar activamente o dereito– aos responsables de datos de tomar as decisións con esta metodoloxía automatizada.

¹⁸ Na miña opinión, non parece que haxa dúbidas de que abrir unha inspección sobre unha persoa física ou un autónomo ten efectos xurídicos (ex., obriga de responder solicitudes de información, etc.), polo que este criterio estaría cumprido.

¹⁹ TODOLÍ SIGNÉS, A., “La gobernanza colectiva de la protección de datos en las relaciones laborales: *big data*, creación de perfiles, decisiones empresariales automatizadas y los derechos colectivos”, cit.

²⁰ En calquera caso, recórdese que a intervención humana na toma de decisión debe ser significativa. Estase ante un concepto xurídico indeterminado en que se deberá analizar caso a caso o nivel de intervención. O que está claro é que, se os responsables da Inspección se limitan a validar a decisión tomada polo *big data* en todas as ocasións, podería non haber intervención suficiente para excluír estas proteccións. Neste sentido, para saber se o nivel de intervención humana é “significativo”, haberá que valorar con que frecuencia o responsable de recursos humanos adopta decisións finais nun sentido distinto ao formulado polo algoritmo ou a IA; TODOLÍ SIGNÉS, A., “La gobernanza colectiva de la protección de datos en las relaciones laborales: *big data*, creación de perfiles, decisiones empresariales automatizadas y los derechos colectivos”, cit.

humana ningunha, sería recomendable unha actualización da normativa nacional que expresamente aclarase a posibilidade do tratamento automatizado e a elaboración de perfís con este obxectivo e establecese garantías suficientes de transparencia e antidiscriminación.

3.2 Garantías fronte á toma de decisións automatizada

A Comisión Europea, no seu *Libro branco sobre intelixencia artificial*²¹ alerta dunha serie de perigos existente no uso da IA, entre os que se atopa a opacidade dalgúns destes sistemas de *big data*, decisións algorítmicas discriminatorias contra colectivos protexidos ou decisións erróneas por un mal deseño dos algoritmos²². Co obxecto de evitar estes prexuízos, a Comisión Europea (2020) sostén a necesidade de establecer garantías a favor dos afectados por un sistema de intelixencia artificial.

A regulación proposta parte de que non todos os sistemas teñen a mesma incidencia sobre eses dereitos fundamentais; por iso, fórmase un sistema de garantías distinto dependendo do risco que teña a IA de afectar a eses dereitos fundamentais. Desta forma, podería haber ata cinco niveis baseados no risco de que unha intelixencia artificial afecte ou vulnere dereitos fundamentais. Isto é, dependendo dos seus potenciais efectos, requiriría desde a ausencia de garantías no caso dos sistemas de IA máis inocuos ata a prohibición absoluta no caso dos sistemas de intelixencia artificial máis perigosos.

En efecto, a doutrina vén sinalando desde hai tempo a posibilidade de que os sistemas de decisión automatizada conculquen dereitos fundamentais e a necesidade de garantías no seu uso²³. Neste sentido, pode indicarse como exemplo o uso por parte dos EE. UU. dun algoritmo para determinar a probabilidade de reincidencia dun suxeito que cometeu un delito. Neste caso, os xuíces utilizan esa probabilidade para determinar a duración das penas privativas de liberdade. Dado que a metodoloxía e o algoritmo usados para a avaliación do risco de reincidencia son descoñecidos para o defendido, alegouse violación do dereito de defensa e ao proceso debido dada a imposibilidade de impugnar esa valoración do risco nin de saber se esa valoración estaba nesgada ou era directamente discriminatoria (especialmente contra persoas de cor nos EE. UU.).

Non obstante, o Tribunal Supremo do estado de Wisconsin na Sentenza *State v. Loomis*²⁴ considerou que o feito de que o acusado non soubese a metodoloxía da avaliación do risco usada polo algoritmo non viola o seu dereito a un proceso debido nin a

²¹ COMISIÓN EUROPEA, *Libro branco sobre a intelixencia artificial - Un enfoque europeo para a excelencia e a confianza*, COM (2020) 65 final, Bruxelas, 2020.

²² No mesmo sentido pronúnciase CERRILLO I MARTÍNEZ, A., "El impacto de la inteligencia artificial en el derecho administrativo ¿nuevos conceptos para nuevas realidades técnicas?", *Revista General de Derecho Administrativo*, n. 50, 2019; COTINO HUESO, L., "Derecho y garantías ante el uso público y privado de inteligencia artificial, robótica y *big data*", Bauzá Reilly, M. (dir.), *El Derecho de las Tics en Latinoamérica*, La Ley, Uruguay, 2019; PONCE SOLÉ, J., "Inteligencia artificial, derecho administrativo y reserva de humanidad: algoritmos y procedimiento administrativo debido tecnológico", *Revista General de Derecho Administrativo*, n. 50, 2019.

²³ CRAWFORD, K. e SCHULTZ, J., "Big data and due process: Towards a framework to redress predictive privacy harms", *Boston College Law Review*, n. 55 (1), 2014.

²⁴ *State v. Loomis*, 881 N.W.2d 749 (Wis. 2016), accesible *online* en: <https://law.justia.com/cases/wisconsin/supreme-court/2016/2015ap000157-cr.html> (Consultado o 17 de xullo de 2018).

unha sentenza individualizada, dado que o informe soamente é un máis dos factores tidos en conta polo xuíz para fixar a sentenza definitiva. Ademais, neste caso, sostense que non é posible entregar a información sobre o funcionamento do algoritmo nin a metodoloxía usada, posto que é un “segredo de empresa” (os informes son contratados pola Administración de xustiza a unha empresa privada).

Ante estas conclusións, a doutrina criticou a sentenza e sostivo a necesidade de que exista total transparencia na metodoloxía empregada polo algoritmo co obxecto de poder impugnar o informe e coñecer se esta estaba a usar criterios discriminatorios para realizar a valoración final do risco de reincidencia (ex., cor de pel)²⁵. En efecto, débese estar de acordo con estas críticas, e é que, cando a liberdade de circulación dunha persoa está en xogo, a liberdade de empresa ou o segredo empresarial non pode ser argumentación suficiente para permitir unha opacidade que impida coñecer posibles discriminacións.

Por esta razón, o RXPDP sinala que, mesmo cando unha lei nacional autorice o uso de mecanismos informáticos para tomar decisións automatizadas, será necesario que esta mesma normativa fixe controis e salvagardas dos dereitos e liberdades dos suxeitos afectados. Non obstante, conforme o criterio mantido pola Comisión Europea²⁶ na súa cualificación dos tipos de algoritmos segundo as súas consecuencias, parece claro que esas garantías deberán ser proporcionais aos efectos, máis ou menos intensos, que as decisións automatizadas teñan sobre o suxeito.

3.3 Discrecionalidade administrativa na elección de suxeitos a investigar e garantías fronte á arbitrariedade ou discriminación

A elección do suxeito a investigar, así como a orientación mediante plans de inspección desta, cualifícanse xuridicamente de actos discrecionais²⁷. Deste xeito, o inspector poderá elixir, baseándose na súa experiencia –como se fai tradicionalmente–, ou noutros datos ou informacións, os suxeitos obxecto do seu traballo. Da mesma forma, a confección de plans estratéxicos e operativos desde os mandos xerárquicos da inspección só vén elevar esa potestade discrecional a instancias superiores. Neste sentido, admítase pacificamente a inclusión neles de criterios de oportunidade e o establecemento de prioridades e estratexias para aplicar coa máxima eficiencia recursos limitados desta²⁸.

Ata aquí non parece que exista límite legal ningún para o uso do *big data* como soporte para a toma das ditas decisións. Non obstante, non está de máis recordar que

²⁵ BOIX PALOP, A., “Los algoritmos son reglamentos: la necesidad de extender las garantías propias de las normas reglamentarias a los programas empleados por la administración para la adopción de decisiones”, *Revista de Derecho Pública: Teoría y Método*, n. 1, 2020. FREEMAN, K., “Algorithmic Injustice: How the Wisconsin Supreme Court Failed to Protect Due Process Rights in *State v. Loomis*”, *North Carolina Journal of Law & Technology*, n. 18, 2016; MARTÍNEZ GARAY, L., “Peligrosidad, algoritmos y *due process*: el caso *State vs. Loomis*”, *Revista de Derecho Penal y Criminología*, n. 20, 2018, pp. 485-502.

²⁶ COMISIÓN EUROPEA, *Libro branco sobre a intelixencia artificial - Un enfoque europeo para a excelencia e a confianza*, cit.

²⁷ BERMEJO VERA, J., “La Administración inspectora”, *Revista de Administración Pública*, n. 147, 1998, p. 54; REBOLLO PUIG, M., “La actividad inspectora”, Díez Sánchez, J.J. (coord.), *Actas del VIII Congreso de la Asociación Española de Profesores de Derecho Administrativo: La función inspectora*, INAP, Madrid, 2013, p. 51.

²⁸ RIVERO ORTEGA, R., *El Estado vigilante*, Tecnos, Madrid, 2000, p. 195.

a discrecionalidade non pode significar arbitrariedade e que ten límites, co obxecto de evitar abusos e discriminacións²⁹. Así, da mesma forma que na elección dos suxeitos a inspeccionar non sería lícito realizala baseándose exclusivamente na nacionalidade da empresa ou da persoa física, tampouco o *big data* podería levarnos a esa conclusión –nin sequera de forma indirecta– sen que existan razóns obxectivas distintas ao criterio discriminatorio que o xustifique.

Así pois, débese partir de que, *a priori*, non existe diferente réxime xurídico aplicable cando a decisión é tomada fundamentándose na experiencia do inspector, nos datos existentes, en criterios de oportunidade ou no *big data*. Isto é, o importante non reside na forma ou procedemento elixido para tomar a decisión, senón en comprobar que o resultado desta –a decisión– non sexa arbitrario ou discriminatorio.

O problema radica nas posibilidades de defensa do suxeito investigado. En efecto, nun caso ou outro, o suxeito seleccionado descoñecerá as razóns polas que saíu elixido, o que fará materialmente imposible demostrar en xuízo un trato nesgado ou discriminatorio da Inspección. Por esta razón, o artigo 20.2 da Lei 23/2015 establece que cómpre garantir a efectividade dos principios de igualdade de trato e non discriminación no exercicio da actividade inspectora. Ou sexa, é a Administración a obrigada a asegurarse de que as decisións non se toman en contra do principio de igualdade. Pola súa vez, este artigo garante a publicación das instrucións de organización de servizos, dos criterios operativos xerais e dos criterios técnicos vinculantes.

Desta forma, dun lado, a Administración ten a obriga de asegurar que o *big data* non estea a dar como resultado unha elección discriminatoria ou sen fundamento suficiente; por outro lado, será necesario garantir certo grao de transparencia nos criterios utilizados polo *big data* para tomar as súas decisións e establecer as porcentaxes de risco de incumprimento de cada empresa ou dos distintos sectores.

Isto é, non parece que sexa suficiente indicar que se elixiu unha empresa –ou un sector se falamos dun plan estratéxico– porque a ferramenta informática indica que ten maior risco de incumprir. Pola contra, a Administración terá a obriga de asegurar que o resultado final do índice de risco de incumprimentos non está baseado en criterios prohibidos (nacionalidade da empresa ou persoa física, sindicación ou non, etc.). A analoxía coas ferramentas de selección tradicionais ata o momento é sinxela, e é que, segundo o principio de igualdade, a Administración tamén debe asegurarse de que un inspector non actúe motivado por razóns arbitrarias e discriminatorias.

Deste xeito, igual que, de acordo coa normativa actual, os criterios operativos xerais deben ser publicados para garantir a non arbitrariedade, parece necesario publicar (ou, polo menos, estar dispoñibles conforme as leis de transparencia) que tipo de datos, en xeral, se lle subministraron á ferramenta informática para tomar a decisión. Na maioría de casos, isto será suficiente para asegurar que o resultado final dado polo *big data* non estará baseado en criterios discriminatorios.

Pola contra, non parece que deba incluírse nesa publicidade/transparencia nin o código do algoritmo utilizado para tomar as decisións nin tampouco debería ser

²⁹ GÓMEZ PUENTE, M., *La inactividad de la Administración*, 2.ª ed., Aranzadi, Elcano, 2000, pp. 93-94.

obligatorio que se publicite o resultado final dado pola ferramenta³⁰. Isto é, nin as empresas nin as persoas físicas terán dereito a coñecer as probabilidades de incumprir que lle asigna a ferramenta.

A xustificación é tripla. Por unha banda, informar as empresas de que teñen unha baixa probabilidade de ser investigadas podería incrementar o propio incumprimento. Por outra parte, publicar o código ou as ponderacións realizadas pola ferramenta para tomar a decisión permitiría –ás empresas que puidesen pagar un servizo informático de suficiente nivel– revelar a mesma información respecto ás posibilidades concretas de ser inspeccionadas. Por último, esa información en mans das empresas permitiríalles modificar o seu comportamento para alterar os resultados do algoritmo. É dicir, se a empresa sabe que variable, en que proporción e de que forma inciden na probabilidade de ser investigadas, esta podería alterar o seu comportamento non para cumprir, senón para modificar esas variables (o que se chamou *gaming the algorithm*)³¹.

Por esta razón, malia a necesidade de asegurar a transparencia e a falta de arbitrariedade ou discriminación, non parece posible exixir que se revele toda a información respecto á ferramenta informática nin como esta toma as súas decisións co obxecto de evitar que as empresas ou suxeitos infractores poidan usar esa información para seguir incumprindo a norma. Por outro lado, si parece exixible que a Administración revele que tipo de datos son usados polo algoritmo para tomar a súa decisión co obxecto de asegurar que non se está a utilizar información protexida (art. 9 RXP) ou discriminatoria (art. 14 CE). Por último, dada a posibilidade de que o *big data* poida inferir informacións discriminatorias baseadas en datos non discriminatorios (ex., deducir a raza ou nacionalidade baseándose no barrio onde se vive), co obxecto de evitar que isto suceda, parece necesario que o algoritmo, non publicado, supere algún tipo de auditoría administrativa interna –ou dun terceiro– que verifique que o algoritmo pola súa propia conta “non está a descubrir” datos prohibidos ou sensibles e usándoos nos seus resultados³².

4 *Big data* como método de selección da inspección na xurisprudencia comparada: Francia e Holanda

A cuestión que se acaba de analizar, sobre a validez destes sistemas e o nivel de transparencia requirida, foi axuizada nalgún dos países do noso arredor con resultados dispares.

³⁰ Mesmo aquela parte da doutrina que máis ferventemente apoia a publicación de toda a información respecto á ferramenta ou algoritmo utilizado pola Administración pública sostén que, no caso dos algoritmos que deciden o campo de actuación dunha inspección, a transparencia debe ter límites. BOIX PALOP, A., “Los algoritmos son reglamentos: la necesidad de extender las garantías propias de las normas reglamentarias a los programas empleados por la administración para la adopción de decisiones”, cit., p. 265.

³¹ BAMBUER, J. e ZARSKY, T., “The algorithm game”, *Notre Dame Law Review*, n. 94 (1), 2018.

³² GONZÁLEZ ESPEJO, M.J., “Sector público y algoritmos: Transparencia o un poco más de paciencia”, *Diario la Ley*, Wolters Kluwer, 19 de febreiro de 2020. Disponible en: <https://diariolaley.laleynext.es/Content/Documento.aspx?params=H4slA-AAAAAEAMtMSbH1czUwMDAyNDEyMTNTK0stKs7Mz7M1MjACCvqq5eWnpla4ONuW5qWkpmXmpaaAIGSmVbrk4dU FqTapiXmFKeqp5b152jembQPMwEAZnEi5GMAAAA=WKE>.

Así, o Consello Constitucional francés, na súa Decisión do 27 de decembro de 2019 (Decisión n. 2019-796 DC), examina a validez dun sistema de uso do *big data* para apoiar a selección de obxectivos da Inspección de Facenda. O sistema foi incorporado a través da Lei de orzamentos de 2020 (art. 154), permitindo ás autoridades tributarias que usasen estas ferramentas con dúas finalidades: a primeira, reunir datos públicos que existan en Internet sobre os obrigados tributarios; en segundo lugar, procesar de forma automatizada esa información para decidir se existen posibles fraudes.

Deste xeito, a autorización legislativa non se limita ao procesamento dos datos que xa ten a Inspección para decidir o risco de incumprimento, senón que adicionalmente permite que a ferramenta se empregue para escanear Internet en busca de indicios de fraude –por exemplo, páxina web dunha empresa que vende produtos, pero non paga tributos, etc.–.

A Corte Constitucional, na súa resolución, admite o uso das dúas funcionalidades automatizadas da ferramenta, principalmente con base nos seguintes argumentos: i) a finalidade é un obxectivo constitucionalmente protexido (loita contra a fraude) e aplícase nun ámbito onde poden producirse incumprimentos da norma non detectados polos medios ordinarios; ii) os datos incorporados á ferramenta e os resultados obtidos só poden ser usados por persoal da Administración suxeita ao segredo profesional e confidencialidade; iii) os indicios de fraude captados de forma automatizada a través de algoritmos non serven como proba única para fundamentar unha sanción, senón que esta soamente poderá ser resultado de procedementos debidamente individualizados e motivados cos dereitos de defensa (audiencia) e garantías habituais.

En calquera caso, a Corte advirte que este é un exame preliminar e que a validez da ferramenta dependerá de que, no seu uso, esta permita un control de legalidade e de que os dereitos e garantías fundamentais dos cidadáns queden asegurados.

Por outro lado, moito máis restritiva e contundente se mostra a Sentenza do Tribunal de distrito da Haia (*Rechtbank Dean Haag*) nos Países Baixos, do 5 de febreiro de 2020 (ECLI:NL: RBDHA: 2020:865), que declara ilícito o uso dun algoritmo para establecer probabilidades de incumprimento de cidadáns que perciben prestacións da Seguridade Social³³.

A sentenza responde á demanda de varias asociacións de defensa dos dereitos humanos que impugnan o uso por parte da Inspección de Traballo e Seguridade Social do denominado Sistema de Indicación de Riscos (*Systeem Risico Indicatie*, SyRI). Esta é unha ferramenta automatizada que o Goberno holandés usa para prever e combater a fraude no campo da Seguridade Social³⁴.

³³ BATTAGLINI MANRIQUE DE LARA, M., "Sentencia histórica del Tribunal de la Haya anulando la elaboración de perfiles para el fraude de la Seguridad Social (SyRI)", *World Compliance Association*, 2020. Dispoñible en: <http://www.worldcomplianceassociation.com/2624/noticia-sentencia-historica-del-tribunal-de-la-haya-anulando-la-elaboracion-de-perfiles-para-el-fraude-de-la-seguridad-social-syri.html>; COTINO HUESO, L., "«SyRI, ¿a quién sanciona?» Garantías frente al uso de inteligencia artificial y decisiones automatizadas en el sector público y la sentencia holandesa de febrero de 2020", *La Ley Privacidad*, n. 4, 2020; FERNÁNDEZ, C.B., "Primera sentencia europea que declara ilegal un algoritmo de evaluación de características personales de los ciudadanos", *Diario la Ley*, 13 de febreiro de 2020. Dispoñible en: <https://diariolaley.laleynext.es/Content/Documento.aspx?params=H4sIAAAAAAEAMtMSbH1czUwMDAyNDa3NDJUK0stK57Mz7M1MjACC6rl5aekhrg425bmpa5mZealpoCUZKZVuuQnh1QWpNqmJeYUp6qJJuXnZ6OYFA8zAQCfSdkrYwAAAA=WKE>.

³⁴ ALGORITHMWATCH e BERTELSMANN STIFTUNG, *Automating Society taking stock of automated decision making in the EU*, Berlín, 2019, p. 101.

O sistema, a través dun instrumento informático automatizado, asigna un nivel de risco de que unha persoa cometa fraude a partir dunha serie de parámetros estudados e correlacionados entre si. A ferramenta vén autorizada pola Lei de organización de implementación e estrutura de ingresos (*Wet structuur uitvoeringsorganisatie en inkomen*, SUWI). Esta norma (art. 65.2) permite a elaboración de informes de riscos para avaliar as posibilidades de que unha persoa física ou xurídica cometa fraude na percepción de prestacións públicas incluídas en materia de Seguridade Social. O Goberno xustifica este uso debido ao elevado número de fraude detectada no país.

A devandita lei está desenvolvida nun regulamento que fixa os datos procesados pola ferramenta de *big data*. Concretamente, procésase información como a seguinte: nome, enderezo, lugar de residencia, enderezo postal, data de nacemento, xénero e características administrativas das persoas; datos respecto ao seu traballo; sancións administrativas anteriores; datos fiscais, incluída información sobre bens mobles e inmobles; datos sobre motivos de exclusión de asistencia ou beneficios; datos comerciais; datos de integración, que son datos que poden usarse para determinar se se lle impuxeron obrigas de integración a unha persoa; historial de cumprimento das leis e regulamentos; datos sobre bolsas recibidas; sobre pensións; sobre a obriga de reintegro de prestacións públicas; sobre endebedamento; sobre beneficios, axudas e subsidios recibidos; sobre permisos e exencións recibidos para a realización de actividades e datos sobre se ten ou non seguro de saúde.

A análise dos datos e a avaliación do risco realízase en dous tramos. En primeiro lugar, os datos fanse anónimos a través da substitución do nome persoal e os números da Seguridade Social por un código. Posteriormente, compáranse os datos co modelo de riscos e identifícanse os posibles factores de risco. Se a unha persoa se lle outorga un grao alto de risco de fraude, os seus datos son transvasados á segunda parte do proceso. Nesta segunda parte, a análise de risco realízao unha unidade específica dentro da Inspección de Traballo (Inspección de Asuntos Sociais e Emprego), que lle asigna un risco definitivo.

Ante este sistema, o tribunal holandés considera que a normativa viola o artigo 8.2 do CEDH ao entender que a inxerencia na vida privada das persoas deste sistema de análise de risco non cumpre o requisito de necesidade nin proporcionalidade. Neste sentido, a sentenza estima que, a pesar de recoñecer que a medida persegue unha finalidade lexítima (loita contra a fraude), a intromisión na vida privada non está suficientemente xustificada. Pola súa vez, o tribunal establece que, malia que o informe de riscos xerado polo algoritmo non ten en si mesmo unha consecuencia legal directa (non hai sanción), si que ten un efecto significativo na vida privada da persoa á cal se refire.

Así, a sentenza conclúe que a ferramenta informática, en aplicación do dereito da Unión –RXPd e CEDH–, non cumpre cos principios de transparencia, de limitación do tratamento e de minimización de datos, concluíndo que a normativa que regula o uso da aplicación é insuficientemente clara e verificable, o que a converte en contraria á lei.

A sentenza incide especialmente na falta de transparencia. Neste sentido, o tribunal indica que esa falta de transparencia presenta problemas de comprobación de

posibles efectos discriminatorios (indirectos); sobre todo, engade a sentenza, dado que a análise de risco de incumprimento se realiza sobre suxeitos en situacións de especial vulnerabilidade –por esa razón acceden en primeiro lugar ás prestacións sociais–. Ademais, o tribunal recrimina que o sistema analice datos persoais de categorías especiais (art. 9 RXP), e advirte da posibilidade de que o algoritmo, realizando conexións e inferencias, acabe tomando decisións discriminatorias³⁵. Neste sentido, establece que, sobre a base da información existente acerca da ferramenta, non é posible avaliar se ese risco de discriminación indirecta foi abordado axeitadamente pola norma que desenvolve o sistema de avaliación de riscos.

Na miña opinión, esta sentenza ten varias lecturas. Por un lado, se entendemos que as conclusións obtidas nela son aplicables e extensibles a calquera uso dun algoritmo para valorar riscos de fraude, moi probablemente as súas conclusións levan a unha prohibición *de facto* das súas posibilidades de uso. É certo que a sentenza non chega a prohibir a súa implantación, pero os requisitos que establece poden facer imposible este.

Téñase en conta que a sentenza analiza un sistema de por si bastante garantista coa protección de datos e a intimidade. Neste sentido, os datos estaban anonimizados, establecíase unha obriga de borrado de datos aos catro meses se o informe indicaba risco baixo, compartimentábanse as seccións e departamentos que procesaban información, obrigábase á confidencialidade e, ademais, en última instancia era a Inspección a que tomaba a última decisión³⁶. Ademais, o emprego do sistema non era indiscriminado, senón que, pola contra, cumpría solicitar o seu uso –para poder facelo había uns requisitos específicos fixados e a norma establecía quen podía solicitar o informe de risco–, que datos debían usarse e con que finalidade –obxectivo específico–. A pesar de todo iso, o tribunal entende que non existen garantías axeitadas, dado que “non hai información suficiente para saber como operaba”. Incide posteriormente a sentenza nesta cuestión ao criticar que o modelo de risco que se utiliza e os indicadores de risco sexan secretos e que iso impide que un suxeito interesado poida defenderse contra o feito de que se determinase un alto risco de fraude sobre el ou ela.

Nesta cuestión é onde, de aceptar esta lectura da sentenza, se viría prohibir *de facto* o uso deste tipo de ferramentas automatizadas para valorar riscos de incumprimento. En efecto, se se dá información suficiente para saber como opera a ferramenta –como parece exixir a sentenza comentada–, esta será inservible para os seus propios

³⁵ Isto foi posto de relevo pola doutrina en varias ocasións ao entender que esta tecnoloxía parece capaz de inferir certas características persoais baseadas noutros datos. É dicir, aínda que se prohiba solicitar datos en materia de afiliación sindical, relixión, sexo, orientación sexual ou discapacidade, os algoritmos son capaces de obter esta información a través doutros datos (CRAWFORD, K. e SCHULTZ, J., “Big data and due process: Towards a framework to redress predictive privacy harms”, cit.). Por exemplo, a relixión ou a raza poden estar estatisticamente moi relacionadas co código postal ou o barrio onde vive a persoa. Así pois, tomar decisións baseadas na localización da vivenda resultará no fondo unha decisión baseada na raza ou, mesmo, conforme o tempo dedicado a ler unhas noticias en Facebook ou Google –e non outras– pódese predicir a afiliación política ou sindical. De feito, en moitos casos, descoñécese as capacidades dun algoritmo á hora de facer inferencias estatísticas, o que supón a “imposibilidade” de coñecer se o propio algoritmo está a tomar decisións fundamentadas en información discriminatoria ou non, en HARDT, M., “How big data is unfair”, *Medium*, 26 de setembro de 2014. Dispoñible en: <https://medium.com/@mrtz/how-big-data-is-unfair-9aa544d739de>.

³⁶ Malia ser certo que non se sabe se a Inspección finalmente decidía inspeccionar todos os suxeitos con risco alto –sen tomar ningunha decisión significativa– ou, pola contra, se esta intervención humana era relevante para a decisión final, unha cuestión que podería ser relevante para xustificar que a decisión final non era tomada polo algoritmo automaticamente.

obxectivos. Por unha banda, aqueles que tivesen un baixo risco e ooubesen³⁷ terían incentivos para incumprir coñecendo que as probabilidades de ser investigados son baixas. Por outra banda, os que tivesen un alto risco de ser inspeccionados e coñecesen “como opera o algoritmo” poderían modificar a súa conduta, non para cumprir, senón para enganar o sistema de valoración de risco – unha posibilidade que a doutrina puxo de manifesto en varias ocasións –³⁸. En fin, na miña opinión, a transparencia no funcionamento do sistema de valoración de riscos de fraude non pode ser tal que lles permita aos suxeitos evadir a vixilancia e o control.

Tamén é certo que a sentenza apunta cara a outras posibilidades, dado que o tribunal sinala expresamente que bota en falta unha revisión previa por parte da Administración ou dun terceiro independente de que o algoritmo é proporcionado, vistos os dereitos en xogo e que, adicionalmente, non é discriminatorio. Esta posibilidade parece máis sensata. É dicir, dada a imposibilidade dunha transparencia absoluta para que o sistema sexa efectivo –o que *de facto* limita as posibilidades de defensa dos cidadáns–, tería sentido aceptar que a propia Administración ou un terceiro independente auditase o algoritmo para asegurar que funciona correctamente e sen nesgos.

Ademais, a sentenza parece esquecer que a decisión automatizada –de ser realmente automatizada, porque parece existir suficiente intervención humana cando o informe de riscos se envía á Inspección de Traballo– soamente ten como efecto que se inicie unha investigación –é un mero selector–, sendo a investigación a que determinará se hai sanción ou non. Con isto non quero dicir que a selección dos suxeitos a investigar non teña efectos sobre as persoas, pero, en calquera caso, as consecuencias non son absolutas nin irrevogables. A este respecto, soamente sinalo que a sentenza parece esquecer pór en proporción as garantías necesarias para poder tomar decisións baseadas nun algoritmo, cos efectos que a dita decisión produce³⁹. É dicir, non sería proporcionado exixir as mesmas garantías para un algoritmo que adxudica risco de reincidencia dun delincuente cuxa consecuencia sexa ampliar o número de anos en prisión [Sentenza *State v. Loomis*, 881, N.W.2d 749, 7532 (Wis, 2016)] que as garantías necesarias para un algoritmo que dá apoio á Inspección para decidir que suxeito comezar a auditar, sendo a posterior análise e investigación realizadas completamente por persoas conforme o procedemento habitual.

En calquera caso, como se dixo, na miña opinión, esta sentenza ten outra lectura moi distinta á anterior. Débese partir de que esta sentenza responde a un tipo de ferramenta con finalidades moi concretas que pode ter levado a que o tribunal busque uns estándares de exixencia tan altos que *de facto* acabe prohibíndoa. As razóns son as seguintes: en primeiro lugar, afecta a persoas físicas. Ningún dos argumentos vistos nela parece aplicable a empresas, as cales non gozan do dereito á protección de datos

³⁷ Que non se informe os suxeitos de que teñen un baixo risco é un dos reproches “indirectos” que lle fai a sentenza á configuración do sistema.

³⁸ BOIX PALOP, A., “Los algoritmos son reglamentos: la necesidad de extender las garantías propias de las normas reglamentarias a los programas empleados por la administración para la adopción de decisiones”, cit., p. 48; BAMBUER, J. e ZARSKY, T., “The algorithm game”, cit., p. 46.

³⁹ COTINO HUESO, L., “Derecho y garantías ante el uso público y privado de inteligencia artificial, robótica y *big data*”, cit.

nin tampouco unha investigación pode ser considerada unha invasión da vida privada desta, xa que unha empresa non ten vida privada como dereito fundamental.

En segundo lugar, e esta podería ser a clave de bóveda da sentenza, a detección da fraude en materia de prestacións á Seguridade Social afecta a colectivos especialmente vulnerables que poderían merecer unha maior protección –maiores garantías– da súa vida privada. Como estableceron os demandantes, e o relator especial da ONU, este sistema “ten un efecto discriminatorio e estigmatizador”, dado que se centra en investigar veciñanzas máis marxinas e, con iso, “contribúe aos estereotipos e reforza unha imaxe negativa dos ocupantes das ditas veciñanzas”. Falamos de persoas con incapacidades permanentes, invalidez ou en desemprego: cidadáns que, dunha forma ou outra, son especialmente vulnerables, polo que desenvolver unha ferramenta de máxima tecnoloxía para detectar fraude entre eles pode considerarse unha “criminalización da pobreza”.

De feito, como sosteñen os expertos, a maior parte da fraude en Seguridade Social non provén polo cobramento de prestacións indebidas, senón pola falta de pagamento das cotizacións e pola economía informal⁴⁰. Deste xeito, usar medidas invasivas da privacidade das persoas sen, pola súa vez, empregar as mesmas medidas para atacar as maiores fontes de fraude podería entenderse, en efecto, arbitrario, inxustifico ou, polo menos, desproporcionado.

Téñase en conta que, desde o momento en que dereitos fundamentais dos cidadáns entran en xogo –especialmente en colectivos socialmente vulnerables–, xa non debe actuar libremente o principio de discrecionalidade administrativa, senón que este virá limitado polos principios de necesidade e proporcionalidade. Desta forma, intentar xustificar esa medida invasiva dos dereitos fundamentais das persoas pola necesidade de evitar a fraude –necesidade lexítima en abstracto– cando non se está a atacar fontes de fraude maiores –economía informal, infracotización, etc.– e que, ademais, non requirirían da invasión de dereitos das persoas (dado que estes ilícitos son realizados por empresas) pode considerarse contrario a estes principios.

Por tales razóns, non creo que a doutrina desta sentenza deba entenderse como un impedimento xeral e abstracto ao uso do *big data* ou dos procesos automatizados para dar soporte ás decisións de selección de suxeitos infractores. Máis ben parece que a sentenza pode estar a oporse a unha política de “criminalización da pobreza” respecto a un goberno enfocando os seus esforzos –uso da máxima tecnoloxía dispoñible– para detectar a pequena fraude de persoas en xeral en situacións vulnerables, á vez que pouco se fai na mesma liña pola loita contra a gran fraude (violando os principios de necesidade e proporcionalidade con iso).

En fin, poucas dúbidas caben da necesidade de garantir os dereitos fundamentais das persoas fronte ao Estado e, en especial, evitar nesgos discriminatorios. Ao mesmo tempo, pouco sentido tería limitar as posibilidades de adaptación das administracións ao século XXI permitindo usar os seus recursos máis eficientemente, á vez que conseguen recompensar mellor os suxeitos cumpridores a través dunha menor

⁴⁰ UPIT, *Estudio sobre el estado y actividad de la ITSS*, Madrid, 2014. Dispoñible en: <http://upit.es/web/index/show/id/36> (Consultado o 6 de abril de 2020).

probabilidade de ser obxecto dunha inspección. Desta forma, a lei debe preocuparse especialmente de que o sistema funcione –que as razóns de elección non respondan a nesgos ou discriminacións, senón a unha verdadeira maior probabilidade de infrinxir a norma– e que exista suficiente transparencia para que o sistema poida ser axuizado en caso de presentar indicios de arbitrariedade ou de discriminación.

5 Síntese dos retos legais na implantación do *big data* como método de selección de suxeitos a investigar e algunhas recomendacións

A pesar de que a selección dun ou outro suxeito, para iniciar unha inspección, está configurada xuridicamente como unha decisión discrecional da Administración, o uso de ferramentas automatizadas para a construción de perfís de risco de incumprimento da normativa presenta múltiples conflitos xurídicos, especialmente en materia de protección de datos, protección da intimidade e posibles discriminacións. Desta forma, a Administración, no deseño da ferramenta informática, deberá ter en conta estes dereitos e establecer garantías que protexan os dereitos fundamentais dos cidadáns.

A intensidade desas garantías é unha cuestión actualmente moi debatida pola doutrina e os tribunais, sen que exista consenso. Non obstante, si se poden fixar unha serie de pautas a seguir.

En primeiro lugar, deberase valorar a necesidade do uso da ferramenta, entendida como a existencia dun obxectivo lexítimo –neste caso a loita contra a fraude–. Non obstante, non parece suficiente unha xustificación abstracta da necesidade de alcanzar ese obxectivo, senón concretamente da relación entre a consecución dese obxectivo e o uso da ferramenta automatizada (adecuación). Deste xeito, como se viu neste traballo, podería entenderse que, se se quere perseguir a fraude –finalidade lexítima en abstracto–, non debería utilizarse unha ferramenta automática de selección de perfís contra pequenos defraudadores se non se usa para grandes defraudadores –que sería a forma de alcanzar verdadeiramente o obxectivo–.

En segundo lugar, a proporcionalidade. En efecto, as garantías para salvagardar os dereitos dos cidadáns deben ser proporcionadas respecto ao dano que a ferramenta informática pode xerar. Desta forma, non será o mesmo unha ferramenta que establece perfís de risco de reincidencia cuxo uso pode implicar a prolongación dunha pena privativa de liberdade que as garantías que debe ter un sistema que establece un risco de cometer unha infracción laboral cuxa única posible consecuencia é o inicio dunha investigación, a cal será a que determine, en última instancia, se existiu ou non ilícito.

En terceiro lugar, non será o mesmo unha ferramenta informática que se limite a procesar datos que xa constan en poder da Administración pública que outra que se dedique a escanear Internet co obxecto de reunir datos para a vixilancia e control da normativa. En efecto, as posibilidades tecnolóxicas son múltiples e non todas teñen a mesma repercusión. Desta forma, deberanse exixir maiores garantías a unha ferramenta que recompila datos sen consentimento dos interesados que a outra que

soamente os procesa co fin de axudar a tomar decisións acertadas respecto á selección de suxeitos que se van investigar.

En cuarto lugar, a cuestión máis complexa de resolver será a necesidade de transparencia. Poucas dúbidas caben de que, para garantir o dereito de defensa do afectado e para evitar discriminacións directas ou indirectas, é imprescindible que o proceso de selección sexa transparente. Non obstante, a pesar de que isto sexa así, cando o algoritmo ten por obxectivo, concretamente, a loita contra a fraude, a transparencia – máis ben o exceso dela – pode deixar inoperativa a propia ferramenta.

En efecto, a información respecto a como funciona o algoritmo pode desvelar información clave que, por unha banda, incrementa o incumprimento e, por outra, lle permita a un incumpridor reducir o risco de ser detectado. Por esta razón, aínda que se comparta a necesidade da “transparencia algorítmica”, parece recomendable buscar outras fórmulas que non frustren os resultados desexados. Neste traballo expóñense dúas: i) publicar que datos se subministran á ferramenta para tomar as súas decisións, xa que isto eliminaría as posibilidades de que se utilicen datos sensibles ou discriminatorios: ii) outra posibilidade podería ser que, internamente ou a través dun organismo especializado independente, se realizase unha análise de verificabilidade da ferramenta informática que comprobase que non se usan datos prohibidos e que os resultados non son discriminatorios.

Por último, débese sinalar que a protección, as garantías e as salvagardas fronte á ferramenta non teñen por que ser as mesmas se o informe sobre probabilidade de incumprir a normativa se fai respecto dunha empresa que se se fai sobre unha persoa física. Por iso, parece recomendable para a Administración establecer dous sistemas diferenciados de selección, para que, deste xeito, ademais de poder fixar estándares de garantía distintos en caso de que se queira, no suposto de que se impugnase o sistema –e ante unha eventual anulación ou prohibición de uso deste–, o tribunal puidese valorar por separado a licitude de cada un.

6 Conclusións: vantaxes e límites do uso do *big data* na inspección

6.1 Beneficios achegados

O uso das ferramentas do *big data* e a intelixencia artificial permite a planificación estratéxica e a selección de suxeitos a inspeccionar para mellorar o uso dos recursos da Inspección⁴¹. Estes mecanismos son capaces de clasificar cada empresa baseada no seu risco de incumprimento⁴². Desta forma, extraendo información e patróns ocultos, mellórase a ratio de acerto, atopando máis incumprimentos, á vez que se reducen

⁴¹ WATKINS, R.C., REYNOLDS, K.M., DEMARA, R., GEORGIPOULOS, M., GONZÁLEZ, A. e EAGLIN, R., “Exploring Data mining technologies as tools to investigate money laundering”. *Journal of Policing practice and research: An international Journal*, n. 4(2), 2013, p. 12.

⁴² OECD, *Best Practice Principles for Regulatory Policy Regulatory Enforcement and Inspections*, OECD Press, París, 2014, p. 28.

as inspeccións en empresas que cumpren. En particular, o *big data* proporciona as seguintes vantaxes ao sistema:

1. Redúcese o tempo e os recursos dedicados á análise manual de datos.
2. Permítese unha rápida curva de aprendizaxe dos novos inspectores sen que sexan necesarios anos de experiencia para desenvolver intuicións sobre onde buscar os incumprimentos.
3. Localízanse patróns e tendencias de incumprimento indetectables pola intuición a través da correlación de datos.
4. Permite a planificación de campañas de forma máis eficiente.
5. Proporciona a posibilidade de detectar e atallar as chamadas “epidemias” de fraude antes de que se expandan.
6. A selección baseada en datos incrementa unha visión mediopracista ou longo-pracista dos obxectivos. Isto reduce as posibilidades de tomar decisións “a golpe de telexornal”. Isto é, decisións baseadas en sucesos puntuais que modifican o curso da acción inspectora pola relevancia momentánea dun feito e non porque existan verdadeiras razóns xustificativas de tal actuación⁴³.
7. As técnicas do *big data* tamén melloran a avaliación da actuación inspectora en termos xerais. Dun lado, permite definir o nivel de incumprimento nun país ou sector e como este diminúe grazas ás actuacións da Administración. Iso incrementará a lexitimidade social da necesidade da Inspección, baseándose en datos nun mundo en que aquilo que non pode medirse poucas veces se ten en conta.
8. Estas técnicas de tratamento de datos tamén facilitan a súa propia avaliación para mellorar cada día a través do *feedback* dos inspectores.

En fin, cada vez máis países adoptan estas técnicas para mellorar a selección de suxeitos a inspeccionar con notable éxito. Austria, tras a inclusión destas técnicas baseadas en riscos de incumprimento para a selección, pasou de atopar entre 20 e 30 fraudes por cada 100 inspeccións realizadas a descubrir incumprimentos de entre o 60 e o 80% das inspeccións efectuadas⁴⁴. Adicionalmente, este sistema permitiu tamén incrementar o cumprimento voluntario a través das comunicacións (cartas), avisando da información que se tiña. A selección previa permitiu que o cumprimento pasase de producirse nun 7% dos que recibían a carta a un 20 ou 30%⁴⁵.

6.2 Límites no uso do *big data*

Malia as oportunidades que brinda a aplicación destas modernas técnicas para mellorar a efectividade das inspeccións, a súa incorporación exige ter os datos con calidade suficiente e unha aposta segura por estes. Todo iso non sempre é posible ou sinxelo.

1. En primeiro lugar, o *big data* necesita nutrirse de suficientes datos de calidade para poder obter conclusións válidas. Isto implica xuntar todos os datos nunha mesma ferramenta informática coa colaboración doutras administracións (CC. AA.) e outras

⁴³ OCDE, *OECD Regulatory Enforcement and Inspections Toolkit*, cit., p. 29.

⁴⁴ Nos dous casos, o índice de acerto na selección era mellor que seleccionar de xeito aleatorio, cuxo índice era do 15-20%.

⁴⁵ OCDE, *Compliance Risk Management: Audit Case Selection Systems*, OECD Press, París, 2004, p 40.

ramas da Administración estatal (Facenda, DXT, etc.). Neste sentido, no noso país fixéronse moitos avances, pero débese recordar que cantos máis datos se teñan maior fiabilidade existirá⁴⁶.

2. Adicionalmente a ter os datos, estes non deben estar nesgados ou incompletos. Por exemplo, se no pasado se focalizou nun determinado tipo de empresas –onde loxicamente se terán atopado incumprimentos– e eses son os datos que se subministran á ferramenta, baseándose neses datos considerárase que estas empresas son as que deben ser inspeccionadas no futuro. Isto, pola súa vez, implicará maior número de fraudes atopadas nesas empresas, confirmando o nesgo e pechando o círculo⁴⁷. Por esta razón, é tan importante que os datos subministrados sexan completos, de calidade e sen nesgos manifestos.

3. Tamén será necesario darlles formación aos inspectores sobre a utilidade da ferramenta e como usala, ademais de proporcionarlles formación para que sexan capaces de dar *feedback* a esta⁴⁸.

4. Outra cuestión que pode limitar o uso da ferramenta é a desconfianza ao novo. Toda organización adoita sentirse máis cómoda facendo as cousas como as sabe facer, e a inclusión de novos mecanismos provoca rexeitamento. Por esta razón, é importante que se coñeza o funcionamento e as mecánicas subxacentes á ferramenta, de tal forma que se xere confianza no seu uso⁴⁹.

5. Débese sinalar que o *big data* non obxectiviza o uso dos recursos, soamente fai máis eficiente esa utilización. Por esta razón, seguirá sendo necesaria a incorporación dos coñecementos e experiencias dos inspectores, así como a reflexión e a toma de decisións sobre priorización. O sistema de *big data* en ningún caso substitúe a necesidade dunha planificación estratéxica nin elimina o uso da discrecionalidade administrativa para elixir obxectivos. O *big data* é unha ferramenta que axuda a esa toma de decisións e a elixir eses obxectivos.

6. Por último, estas ferramentas poden acabar sendo usadas para xustificar a persecución de certos colectivos historicamente discriminados. Sobre todo en materia de policía, criticouse que se usen estas ferramentas para xustificar unha maior vixilancia nos barrios pobres ou a detención en aeroportos de persoas de cor⁵⁰. En efecto, neste traballo púxose de manifesto o perigo de que os mecanismos se utilicen para xustificar un uso dos recursos enfocados en investigar máis pequenas empresas ou receptores de prestacións. Por iso, estes sistemas de selección requiren unha constante vixilancia e crítica como calquera outro dos existentes.

⁴⁶ OCDE, *OECD Regulatory Enforcement and Inspections Toolkit*, cit., p. 39.

⁴⁷ RIDEMAR, A., *Decision Support for SWEA Inspections*, Kth Royal Institute of Technology School of Electrical Engineering and Computer Science, Stockholm, 2018, p. 33. Dispoñible en: <https://kth.diva-portal.org/smash/get/diva2:1238767/FULLTEXT01.pdf> (Consultado o 6 de abril de 2020).

⁴⁸ WATKINS, R.C., REYNOLDS, K.M., DEMARA, R., GEORGIPOULOS, M., GONZÁLEZ, A. e EAGLIN, R., “Exploring Data mining technologies as tools to investigate money laundering”, cit., p. 12.

⁴⁹ WATKINS, R.C., REYNOLDS, K.M., DEMARA, R., GEORGIPOULOS, M., GONZÁLEZ, A. e EAGLIN, R., “Exploring Data mining technologies as tools to investigate money laundering”, cit., p. 12.

⁵⁰ GILL, P., *Rounding up the usual suspects?: developments in contemporary law enforcement intelligence*, Ashgate, Aldershot, 2020; SANDERS, C.B. e SHEPTYCKI, J., “Policing, crime and big data: towards a critique of moral economy of stochastic governance”, *Crime Law Soc Change*, n. 68, 2017, p. 7.

Neste sentido, será necesario establecer controis internos e externos para asegurar que os dereitos fundamentais das persoas non son violados. Dun lado, a Administración ten a obriga de que a selección non responda a patróns discriminatorios –nin voluntarios (subministrando datos protexidos) nin involuntarios (subministrando datos que por erro están nesgados)–. Doutro lado, cómpre que a selección e o uso da ferramenta sexan transparentes. Por suposto, isto non pode implicar a obriga para a Administración de publicar o resultado da análise de risco –baixo a ameaza de que iso se utilice para infrinxir a norma–, senón que se debe publicar que datos son tidos en conta, de forma xeral, polo *big data* para crear o índice de risco.

Bibliografía

- ALGORITHMWATCH e BERTELSMANN STIFTUNG, *Automating Society taking stock of automated decision making in the EU*, Berlín, 2019.
- ALLINGHAM, M.G. e SANDMO, A., “Income Tax Evasion: A Theoretical Analysis”, *Journal of Public Economics*, n. 1, 1972.
- BAMBUER, J. e ZARSKY, T., “The algorithm game”, *Notre Dame Law Review*, n. 94(1), 2018.
- BATTAGLINI MANRIQUE DE LARA, M., “Sentencia histórica del Tribunal de la Haya anulando la elaboración de perfiles para el fraude de la Seguridad Social (SyRI)”, *World Compliance Association*, 2020. Disponible en: <http://www.worldcomplianceassociation.com/2624/noticia-sentencia-historica-del-tribunal-de-la-haya-anulando-la-elaboracion-de-perfiles-para-el-fraude-de-la-seguridad-social-syri.html>.
- BECKER, G., “Crime and Punishment: An Economic Approach”, *Journal of Political Economy*, n. 76(2), 1968.
- BERMEJO VERA, J., “La Administración inspectora”, *Revista de Administración Pública*, n. 147, 1998.
- BOIX PALOP, A., “Los algoritmos son reglamentos: la necesidad de extender las garantías propias de las normas reglamentarias a los programas empleados por la administración para la adopción de decisiones”, *Revista de Derecho Público: Teoría y Método*, n. 1, 2020.
- BONCHI, F., GIANNOTTI, F., MAINETTO, G. e PEDRESCHI, D., “A classification-based methodology for planning audit strategies in fraud detection”, *KDD '99: Proceedings of the fifth ACM SIGKDD international conference on Knowledge discovery and data mining*, 1999. Disponible en: <https://dl.acm.org/doi/10.1145/312129.312224> (Consultado o 6 de abril de 2020).
- CERRILLO I MARTÍNEZ, A., “El impacto de la inteligencia artificial en el derecho administrativo ¿nuevos conceptos para nuevas realidades técnicas?”, *Revista General de Derecho Administrativo*, n. 50, 2019.
- COMISIÓN EUROPEA, *Risk Management Guide for Tax Administrations*, Bruxelas, 2006. Disponible en: https://ec.europa.eu/taxation_customs/sites/

- taxation/files/resources/documents/taxation/tax_cooperation/gen_overview/risk_management_guide_for_tax_administrations_en.pdf.
- COMISIÓN EUROPEA, *Libro Blanco. Sobre la Inteligencia Artificial – Un enfoque europeo para la excelencia y la confianza*, COM (2020) 65 final, Bruselas, 2020.
- COTINO HUESO, L., “Derecho y garantías ante el uso público y privado de inteligencia artificial, robótica y *big data*”, Bauzá Reilly, M. (dir.), *El Derecho de las Tics en Latinoamérica*, La Ley, Uruguay, 2019.
- COTINO HUESO, L., “Riesgos e impactos del *big data*, la inteligencia artificial y la robótica. Enfoques, modelos y principios de la respuesta del derecho”, *Revista General de Derecho Administrativo*, n. 50, 2019.
- COTINO HUESO, L., “«SyRI, ¿a quién sanciono?» Garantías frente al uso de inteligencia artificial y decisiones automatizadas en el sector público y la sentencia holandesa de febrero de 2020”, *La Ley Privacidad*, n. 4, 2020.
- CRAWFORD, K. e SCHULTZ, J., “*Big data* and due process: Towards a framework to redress predictive privacy harms”, *Boston College Law Review*, n. 55 (1), 2014.
- FERNÁNDEZ, C.B., “Primera sentencia europea que declara ilegal un algoritmo de evaluación de características personales de los ciudadanos”, *Diario la Ley*, 13 de febrero de 2020. Disponible en: <https://diariolaley.laleynext.es/Content/Documento.aspx?params=H4sIAAAAAAAAAEAMtMSbH1czUwMDAyNDa3NDJUKOstKs7Mz7M1MjACC6r15aekhrG425bmpaSmZealpoCUZKZVuuQnh1QWpNqmJeYUp6qJJuXnZ6OYFA8zAQcfSdkrYwAAAA==WKE>.
- FREEMAN, K., “Algorithmic Injustice: How the Wisconsin Supreme Court Failed to Protect Due Process Rights in *State v. Loomis*”, *North Carolina Journal of Law & Technology*, n. 18, 2016.
- GILL, P., *Rounding up the usual suspects?: developments in contemporary law enforcement intelligence*, Ashgate, Aldershot, 2020.
- GÓMEZ PUENTE, M., *La inactividad de la Administración*, 2.ª ed., Aranzadi, Elcano, 2000.
- GONZÁLEZ ESPEJO, M.J., “Sector público y algoritmos: Transparencia o un poco más de paciencia”, *Diario la Ley*, Wolters Kluwer, 19 de febrero de 2020. Disponible en: <https://diariolaley.laleynext.es/Content/Documento.aspx?params=H4sIAAAAAAAAAEAMtMSbH1czUwMDAyNDEyMTNTKostKs7Mz7M1MjACCVqq5eWnpIa4ONuW5qWkpmXmpaaALGSmVbrkJ4dUFqTapiXmFKeqpSbl52ejmBQPMwEAZnEi5GMAAAA=WKE>.
- GT29, *Guidelines on Automated individual decision-making and Profiling for the purposes of Regulation 2016/679*, 2016 (Adoptadas o 3 de outubro de 2017).
- GUPTA, M. e NAGADEVARA, V., “Audit Selection Strategy for Improving Tax Compliance – Application of Data Mining Techniques”, *Foundations of E-Government – Conference Proceedings, 11th International Conference on e-Governance*, Hyderabad, India, 2007.
- HARDT, M., “How *big data* is unfair”, *Medium*, 26 de setembro de 2014. Disponible en: <https://medium.com/@mrtz/how-big-data-is-unfair-9aa544d739de>.

- MARTÍNEZ GARAY, L., “Peligrosidad, algoritmos y *due process*: el caso State vs. Loomis”, *Revista de Derecho penal y criminología*, n. 20, 2018.
- OCDE, *Compliance Risk Management: Audit Case Selection Systems*, OECD Press, París, 2004.
- OCDE, *Best Practice Principles for Regulatory Policy Regulatory Enforcement and Inspections*, OECD Press, París, 2014.
- OCDE, *OECD Regulatory Enforcement and Inspections Toolkit*, OECD Press, París, 2018.
- PONCE SOLÉ, J., “Inteligencia artificial, derecho administrativo y reserva de humanidad: algoritmos y procedimiento administrativo debido tecnológico”, *Revista General de Derecho Administrativo*, n. 50, 2019.
- REBOLLO PUIG, M., “La actividad inspectora”, Díez Sánchez, J.J. (coord.), *Actas del VIII Congreso de la Asociación Española de Profesores de Derecho Administrativo: La función inspectora*, INAP, Madrid, 2013.
- RIDEMAR, A., *Decision Support for SWEA Inspections*, Kth Royal Institute of Technology School of Electrical Engineering and Computer Science, Stockholm, 2018. Disponible en: <https://kth.diva-portal.org/smash/get/diva2:1238767/FULLTEXT01.pdf> (Consultado o 6 de abril de 2020).
- RIVERO ORTEGA, R., *El Estado vigilante*, Tecnos, Madrid, 2000.
- SANDERS, C.B. e SHEPTYCKI, J., “Policing, crime and *big data*: towards a critique of moral economy of stochastic governance”, *Crime Law Soc Change*, n. 68, 2017.
- SRINIVASAN, T.N., “Tax Evasion: A model”, *Journal of Public Economics*, n. 2, issue 4, 1973.
- TODOLÍ SIGNES, A., “La gobernanza colectiva de la protección de datos en las relaciones laborales: *big data*, creación de perfiles, decisiones empresariales automatizadas y los derechos colectivos”, *Revista de Derecho Social*, n. 84, 2018.
- UPIT, *Estudio sobre el estado y actividad de la ITSS*, Madrid, 2014. Disponible en: <http://upit.es/web/index/show/id/36> (Consultado o 6 de abril de 2020).
- WATKINS, R. C., REYNOLDS, K. M., DEMARA, R., GEORGIPOULOS, M., GONZÁLEZ, A. e EAGLIN, R., “Exploring Data mining technologies as tools to investigate money laundering”, *Journal of Policing practice and research: An international Journal*, n. 4(2), 2013.
- YITZHAKI, S., “Income tax evasion: A theoretical analysis”, *Journal of Public Economics*, n. 3, issue 2, 1974.

A carreira profesional dos profesionais sanitarios: antecedentes normativos e tendencias de desenvolvemento

La carrera profesional de los profesionales sanitarios: antecedentes normativos y tendencias de desarrollo

The professional career of health professionals: regulatory background and development trends

59 Regap

LIDIA DE LA IGLESIA AZA

Avogada
ldelaiglesiaaza@gmail.com

Recibido: 14/05/2020 | Aceptado: 03/07/2020
DOI: <https://doi.org/10.36402/regap.v0i59.4339>

Regap



ESTUDOS

Resumo: Estudo evolutivo da carreira profesional no sistema de función pública español, con especial referencia ao marco legal actual. Céntrase no sistema de carreira profesional do persoal estatutario dos servizos de saúde pública no Estado español, con mención especial ao ámbito da Comunidade Autónoma galega tras a Sentenza do Tribunal Superior de Galicia que anula parcialmente o sistema instaurado mediante a Orde do 20 de xullo de 2018.

Palabras clave: Carreira profesional, empregados públicos, persoal estatutario, Galicia.

Resumen: Estudio evolutivo de la carrera profesional en el sistema de función pública español, con especial referencia al marco legal actual. Se centra en el sistema de carrera profesional del personal estatutario de los servicios de salud pública en el Estado español, con mención especial al ámbito de la Comunidad Autónoma gallega tras la Sentencia del Tribunal Superior de Galicia que anula parcialmente el sistema instaurado mediante la Orden de 20 de julio de 2018.

Palabras clave: Carrera profesional, empleados públicos, personal estatutario, Galicia.

Abstract: Evolutionary study of the professional career in the Spanish civil service system, with special reference to the current legal framework. It focuses on the professional career system of the statutory staff of public health services in Spain, with special mention to Galician's system after the Judgment of the High Court of Galicia that partially cancels the system established by the Order of July 20, 2018.

Key words: Professional career, civil service system, public health services staff, Galicia.

SUMARIO: 1 Os sistemas de valoración do desenvolvemento profesional no ámbito dos empregados públicos. Unha perspectiva histórica. 2 O Estatuto básico do empregado público e a Lei da función pública de Galicia como marco xeral. 3 A carreira profesional do persoal estatutario nos antecedentes históricos do actual sistema. 4 O réxime vixente: o Estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde. 5 A carreira profesional das profesións sanitarias na Comunidade Autónoma de Galicia. 6 Situación actual. 7 Conclusións e propostas de mellora.

1 Os sistemas de valoración do desenvolvemento profesional no ámbito dos empregados públicos. Unha perspectiva histórica

O especial réxime retributivo dos empregados públicos ten en España unha tradición centenaria cuxas iniciais referencias se remontan ao Real decreto do 18 de xullo de 1852 de Bravo Murillo¹, que clasificaba todos os empregados da «Administración activa» do Estado en cinco categorías: xefes superiores, xefes de administración, xefes de negociado, oficiais e aspirantes a oficial (que posteriormente serán denominados auxiliares). Dentro destas categorías distinguía chanzos de soldos, que as disposicións de desenvolvemento denominarían ás veces «clases». Á parte dos subalternos, que non tiñan o carácter de empregados públicos para os efectos deste decreto, a carreira dos funcionarios quedaba articulada en cinco categorías e dezaseis chanzos².

Con posterioridade a esta norma, realizáronse diversos intentos de regulación, sendo un dos máis sinalados o Real decreto do 4 de marzo de 1866³, debido ao Goberno presidido por O'Donnell, que aproba o Regulamento orgánico das carreiras civís da Administración pública, pero a súa vixencia limitada a catro meses motiva que non se requira unha referencia máis pormenorizada.

Con estes limitados antecedentes, ademais de coas referencias á función pública establecidas nas leis de orzamentos do ano 1876, chégase á Lei de bases do 22 de xullo de 1918, acerca da condición dos funcionarios da Administración civil do Estado⁴, o denominado “Estatuto de Maura”. Así, na súa base primeira, tras sinalar a coexistencia do persoal técnico e o auxiliar, fixaba as dotacións concretas que lle corresponderían a cada tipo de funcionarios. En execución desta norma, publicouse o Real decreto do 7 de setembro de 1918⁵, que aproba o Regulamento para a aplicación da Lei de bases do 22 de xullo último aos corpos xerais da Administración civil do Estado e ao persoal subalterno desta. Nas dúas normas establecíase un sistema de retribucións en que se determinan cantidades globais anuais para cada categoría.

Tras estas normas, constan poucas referencias normativas ás retribucións do persoal ao servizo das administracións públicas. Destacan o Real decreto-lei do 16 de

¹ *Gaceta de Madrid* n. 6572 do 20 de xuño de 1852, pp. 1 e 2.

² GUTIÉRREZ REÑÓN, A., “La carrera administrativa en España: evolución histórica y perspectivas”, *Documentación Administrativa*, n. 210-211, maio-setembro 1987, pp. 29 a 70.

³ *Gaceta de Madrid* do 19 de marzo de 1866, p. 4.

⁴ BOE n. 175 do 23 de xullo de 1963, pp. 11141 a 11144.

⁵ *Gaceta de Madrid* n. 251 do 8 de setembro de 1918, pp. 646 a 655.

decembro de 1929⁶ sobre anticipos aos funcionarios públicos, que se limitaba a este aspecto retributivo, e a Lei municipal do 31 de outubro de 1935⁷, no título III da cal, referido á Administración municipal, se fai unha referencia superficial a funcionarios integrantes desta⁸.

Novamente, é de supor que, como consecuencia do convulso período histórico, se obvia calquera referencia aos dereitos retributivos dos funcionarios públicos na Lei do 1 de outubro de 1936 pola que se establece a organización administrativa á cal debe axustarse a nova estrutura do Estado, cuxa exposición inicial expresamente establece que ten carácter provisional “... *como anuncio da permanente a establecerse unha vez dominado todo o territorio nacional*”. Tampouco se atopan maiores referencias na Lei do 30 de xaneiro de 1938⁹, que modificou a Administración central do Estado, nin na posterior do 29 de decembro de 1938¹⁰, que efectuou modificacións nesta, texto que foi novamente alterado pola Lei do 8 de agosto de 1939¹¹ de modificación da Administración central do Estado.

Si se atopa normativa referida aos dereitos retributivos do persoal ao servizo da Administración na Lei do 10 de febreiro de 1939¹² sobre depuración de funcionarios públicos, que suspendía os dereitos retributivos dos funcionarios ata a “*investigación da conduta seguida, en relación co Movemento Nacional, polos funcionarios públicos que del dependan e que se atopasen nos territorios nacionais que se acababan de liberar e nos que se vaían liberando*”. Esta norma complementouse coa Orde do 1 de abril de 1939¹³, que daba instrucións para a aplicación da Lei do 10 de febreiro de 1939 sobre depuración de funcionarios públicos ao persoal sanitario, norma que exige os funcionarios sanitarios da inmediata suspensión de soldo e funcións ata a investigación da súa conduta. Estas instrucións en que se exceptuaba o persoal sanitario tiñan o seu fundamento na carencia de suficiente persoal con tal formación, polo que a súa inmediata suspensión suporía un custo inasumible para unha poboación enferma e con lesións derivadas da contenda.

Non é ata a Lei de funcionarios civís do Estado do 7 de febreiro de 1964¹⁴ e a posterior Lei de retribucións dos funcionarios da Administración civil do Estado, do 4 de maio de 1965, Lei 31/1965¹⁵, cando se desagregaron os conceptos retributivos en soldo base, complementos de soldo e outras retribucións. Suprimíase así o sistema de

⁶ *Gaceta de Madrid* n. 351 do 17 de decembro de 1929, pp. 1722 a 1725. Corrección de erros *Gaceta de Madrid* n. 361 do 27 de decembro de 1929.

⁷ *Gaceta de Madrid* n. 305 do 1 de novembro de 1935, pp. 898 a 919.

⁸ Lexislación municipal do 31 de outubro de 1935 precedida dunha introdución histórica e da Lei de bases do 10 de xullo anterior, anotada e concordada con formularios e referencias legais e prácticas; prólogo do Excmo. Sr. Conde de Romanones, Madrid, Editorial Góngora, 1936.

⁹ BOE n. 467 do 31 de xaneiro de 1938, pp. 5514 a 5515.

¹⁰ BOE n. 183 do 31 de decembro de 1938, pp. 3216 a 3217.

¹¹ BOE n. 221 do 9 de agosto de 1939, pp. 4326 a 4327.

¹² BOE n. 45 do 14 de febreiro de 1939, pp. 856 a 859.

¹³ BOE n. 92 do 2 de abril de 1939, p. 1889.

¹⁴ BOE n. 40 do 15 de febreiro de 1964, pp. 2045 a 2055.

¹⁵ BOE n. 107 do 5 de maio de 1965, pp. 6438 a 6453.

categorías, vixente desde o “Estatuto Maura” de 1918, e definíase a situación profesional do funcionario en virtude do corpo de pertenza e o posto concreto que ocupaba en cada momento. Así, conforme a propia exposición de motivos da norma: *“O novo sistema establecido polos corpos legais citados (...) acaba cos soldos calculados sobre as desaparecidas categorías administrativas, e no seu lugar establece un soldo-base igual para todos os funcionarios, un coeficiente multiplicador dese soldo-base que determinará o soldo que lle corresponde a cada corpo de funcionarios; uns trienios, que son o pagamento á antigüidade no servizo, e un complemento familiar que se concede en proporción ás cargas familiares que o funcionario debe manter. Ademais, e nos casos especiais que as normas citadas prevén, créanse outros posibles complementos de soldo e remuneracións que veñen completar os dereitos económicos do funcionario”*.

Para o que aquí interesa, como sistema de retribución do desempeño, debe observarse a regulación que se ofrece dos complementos de soldo. Estes, tal como se refire a eles Nieto García¹⁶, teñen un carácter discrecional, fronte ao carácter regulado do soldo, e excepcional, en canto a complemento da retribución básica. Inicialmente serían os de destino, dedicación especial e familiar conforme se regula nos artigos 5 e 8, pero produciuse un desordenado desenvolvemento da súa configuración que deu lugar á coexistencia dunha longa serie de complementos creados por vía regulamentaria¹⁷.

Entre eles, o complemento de dedicación especial, que por nomenclatura parecería poder acoller a retribución do desenvolvemento de carreira, e que se definía na Lei de funcionarios civís do Estado (artigo 99) como o que se pode conceder:

“a) A aqueles funcionarios aos que se lles exixa unha xornada de traballo maior que a normal.

b) Aos funcionarios que se acollan ao réxime de dedicación exclusiva ao servizo da Administración”.

Non mantíña, polo tanto, relación co desenvolvemento da carreira.

Foi no apartado referido a outras retribucións onde se atopaba un desenvolvemento inicial da carreira profesional. Así, dentro deste apartado regulábanse os incentivos, que, conforme a regulación contida no artigo 101.4 da Lei de funcionarios civís do Estado: *“... remunerarán un rendemento superior ao normal no traballo e estableceranse cando a natureza do servizo permita sinalar primas á produtividade”*.

Con posterioridade, o Decreto 889/1972¹⁸, do 13 de abril, polo que se regulaban as retribucións complementarias dos funcionarios da Administración civil do Estado, reitera tal conceptualización no seu artigo 10, pero sen realizar o superior desenvolvemento que se lle presupón a unha norma regulamentaria; así, di: *“Os incentivos, de acordo co disposto no artigo 101,4 da Lei de funcionarios civís do Estado, remunerarán un rendemento superior ao normal no traballo e estableceranse cando a natureza do servizo permita primas á produtividade”*.

¹⁶ NIETO GARCÍA, A., “La retribución de los funcionarios en España”, *Revista de Occidente*, Madrid, 1967, pp. 38 e seguintes.

¹⁷ JUNQUERA GONZÁLEZ, J., GONZÁLEZ-HABA GUIASADO, V. e FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, T., “Las retribuciones de los funcionarios públicos”, *Asociación Española de Administración Pública*, n. 1, 1979, pp. 73 e ss.

¹⁸ BOE n. 90 do 14 de abril de 1972, pp. 6646 a 6649.

De conformidade con este sistema, a fixación de tales incentivos correspondía ás xuntas de retribucións dos ministerios, que debían realizar unha distribución do crédito global que para este concepto se asignaba a cada departamento ministerial¹⁹.

Non é ata o Real decreto-lei 22/1977²⁰ de reforma da lexislación sobre funcionarios da Administración civil do Estado e persoal militar dos Exércitos de Terra, Mar e Aire cando o concepto retributivo de “carreira administrativa” se acuña. Pretendía remunerar individualmente o funcionario segundo a natureza dos traballos e postos desenvolvidos. O sistema partía dun grao inicial, determinado pola preparación técnica requirida para cada traballo desempeñado, como exigencia superior á propia de titulación para o ingreso nos corpos correspondentes. A permanencia durante cinco anos determinaba a consolidación do grao e o pase ao inmediatamente superior e coa adquisición de cada grao accedíase á percepción dunha nova cantidade fixa mensual. Este sistema, non obstante, nunca chegou a aplicarse, tanto polo complexo da súa configuración como polo incremento do gasto público que implicaba. Resulta evidente que a necesidade de valorar a carreira profesional xa existía, pero as limitacións orzamentarias, como en tantas outras ocasións, imposibilitaron a aplicación.

A Lei 30/1984²¹, de medidas para a reforma da función pública, derogou o réxime retributivo anterior, regulando as retribucións dos funcionarios nos artigos 23 e 24, ben que cunha intención de concreción e seguidista do anterior sistema. Así, o artigo 23 reiteraba a existencia de tres tipos de retribucións básicas (o soldo, os trienios e as pagas extraordinarias), e mantiña a existencia das retribucións complementarias (complemento de destino, específico e de produtividade) e das gratificacións por servizos extraordinarios.

Aínda que non se realizaban referencias á carreira profesional, si se transloce a futura importancia desta na súa exposición de motivos, na cal xa se establece a intención de efectuar unha relación directa entre o desempeño do posto de traballo e as retribucións: “A lei modifica, por iso, o actual sistema de retribucións, establecendo con claridade unha primacía importante para aquelas que van ligadas ao desempeño do posto de traballo”.

En canto á promoción profesional, establecía o ingreso na función pública nun corpo definido, regulando as relacións de postos de traballo os corpos que poden desenvolver cada posto concreto. Dentro de cada un dos cinco grupos (A a E), podíase acceder a un intervalo de niveis (globalmente, de 1 a 30), que é o que determinaba a contía do complemento de destino. Polo tanto, o paso duns a outros supuña o que a propia norma denominaba carreira administrativa e promoción profesional. A consolidación de grao requiría o desempeño durante dous anos continuados ou tres sucesivos

¹⁹ GARCÍA TREVIJANO, J.A., “Tratado de Derecho Administrativo”, *Revista de Derecho Privado*, tomo III, volume II, Madrid, 1970, pp. 66 e ss.

²⁰ BOE n. 83 do 7 de abril de 1977, pp. 7764 a 7768.

²¹ BOE n. 185 do 3 de agosto de 1984, pp. 22629 a 22650.

de postos correspondentes a tal nivel. Este sistema coexistiu co propio da promoción interna para o ascenso ao corpo ou escala inmediatamente superior²².

2 O Estatuto básico do empregado público e a Lei da función pública de Galicia como marco xeral

O Texto refundido do Estatuto básico do empregado público de 2007²³ supuxo o intento de crear un marco común para todos os empregados públicos, con independencia do vínculo concreto de suxeición á Administración, pero non constitúe un texto completo, senón que require obrigatoriamente o desenvolvemento polas diferentes administracións territoriais, tal como expresamente prevé o artigo 6.

A afirmación de que supón un marco común para todos os empregados públicos susténtase na ampla configuración do artigo 2 do EBEP, non alterada no Texto refundido de 2015²⁴, que en canto á súa aplicabilidade ao persoal estatutario establece: “3. *O persoal docente e o persoal estatutario dos servizos de saúde rexeranse pola lexislación específica ditada polo Estado e polas comunidades autónomas no ámbito das súas respectivas competencias e polo previsto no presente estatuto, agás o capítulo II do título III, salvo o artigo 20, e os artigos 22.3, 24 e 84*”.

Esta complicada redacción parece manter a aplicabilidade a este persoal da regulación contida no artigo 20 do EBEP, avaliación do desempeño; 22.3, retribucións complementarias referidas ás características dos postos de traballo, a carreira profesional ou o desempeño, rendemento ou resultados; 24, retribucións complementarias e 84, mobilidade voluntaria entre administracións públicas.

A necesidade de desenvolvemento por normas territoriais que considera o artigo 6 non implica que non se efectúe unha regulación xenérica común. Así, para os funcionarios establece a estrutura das retribucións complementarias, con criterios superficiais en cumprimento do mandato constitucional correspondente ao seu carácter de norma básica. Realiza unha formulación xeral, establecendo unhas mínimas regulacións de obrigatorio respecto, formulación novidosa que foi acollida con posicións moi extremas ou foi benvinda como: “*o revulsivo que o noso emprego público necesita para avanzar cara a unha Administración máis próxima ao cidadán e que complete o inacabado círculo desempeño-control-recompensa, entendidos os dous extremos nos seus máis amplos termos*”²⁵ Padilla Ruiz; ou foi demonizado polos que entenden que

²² GUTIÉRREZ REÑÓN, A., “La carrera administrativa en España: Evolución histórica y perspectivas”, *Documentación Administrativa*, n. 210-211, maio-setembro de 1987, pp. 29 a 70. CASTILLO BLANCO, F., *El sistema retributivo de la función pública española*, Marcial Pons, Madrid, 2002, pp. 16 e ss. PARADA VÁZQUEZ, J.R., *Derecho administrativo I. Introducción, organización administrativa, empleo público*, 26.ª ed., UNED, Ed. Académicas, Madrid, 2017, pp. 525 e ss. PIÑAR MAÑAS, J.L., “El nuevo sistema retributivo de los funcionarios y su aplicación”, *Revista de Administración Pública*, n. 111, 1986, pp. 371 e ss.

²³ BOE n. 89 do 13 de abril de 2007, pp. 16270 a 16299 (EBEP).

²⁴ BOE n. 261 do 31 de outubro de 2015, pp. 103105 a 103159.

²⁵ PADILLA RUIZ, P., *Gestión del empleo público. La evaluación del desempeño en la mejora de la eficiencia administrativa*, Bosch Editor, Barcelona, 2016, pp. 74.

reitera as apreciacións subxectivas do desempeño, con incerteza sobre o cumprimento das garantías dos dereitos dos empregados públicos²⁶.

Contén unha previsión interesante, en canto a aquí se refire, na disposición transitoria primeira, a denominada garantía de dereitos retributivos, que di: “1. - O desenvolvemento deste estatuto non poderá comportar para o persoal incluído no seu ámbito de aplicación a diminución da contía dos dereitos económicos e outros complementos retributivos inherentes ao sistema de carreira vixente para estes no momento da súa entrada en vigor, calquera que sexa a situación administrativa en que se atope”.

Recoñece, polo tanto, a posible existencia previa de sistemas de carreira, optando por garantir os dereitos que destes se teñan xerado. Esta garantía é máis teórica que real, dado que, malia os anteriores intentos de establecer un sistema de retribución vinculado ao efectivo desempeño, non se chegara a materializar, máis alá da regulada progresión no grao profesional.

É no artigo 16 onde se realiza unha aproximación inicial ao concepto, principios e modalidades da carreira profesional dos funcionarios de carreira. Para iso determina que se entende por carreira profesional “o conxunto ordenado de oportunidades de ascenso e expectativas de progreso profesional conforme os principios de igualdade, mérito e capacidade”. Prosegue no apartado 3 do mesmo artigo derivando ás leis de función pública que se diten en desenvolvemento do propio EBEP a regulación concreta, efectuando unha enumeración, con carácter aberto, que inclúe:

a) *Carreira horizontal, que consiste na progresión de grao, categoría, chanzo ou outros conceptos análogos, sen necesidade de cambiar de posto de traballo...*

b) *Carreira vertical, que consiste no ascenso na estrutura de postos de traballo polos procedementos de provisión...*

c) *Promoción interna vertical, que consiste no ascenso desde un corpo ou escala dun subgrupo, ou grupo de clasificación profesional no suposto de que este non teña subgrupo, a outro superior...*

d) *Promoción interna horizontal, que consiste no acceso a corpos ou escalas do mesmo subgrupo profesional...*

Expresamente considérase no propio artigo a posibilidade de simultanear as modalidades de carreira horizontal e vertical cando as dúas se implanten para un mesmo ámbito. Esta configuración non se efectúa como norma pechada, limitándose a establecer unha serie de posibilidades que cada Administración territorial deberá desenvolver.

A situación deste artigo no título III do EBEP “*Dereitos e deberes. Código de conduta dos empregados públicos*” e dentro deste no capítulo II “*Dereito á carreira profesional e á promoción interna. A avaliación do desempeño*” determina a súa configuración como un dereito do empregado público, o que parece implicar a obriga das lexislacións de cada Administración pública de proceder ao seu desenvolvemento²⁷. Historicamente

²⁶ FUENTETAJA PASTOR, J.A., “Estatuto Básico y carrera funcional”, Linde Paniagua, E. (dir.), *El Estatuto Básico del Empleado Público y su desarrollo por el Estado y las Comunidades Autónomas*, Ed. Colex, Madrid, 2008, pp. 177 e ss.

²⁷ DE MIGUEL PAJUEL, F., “Artículo 16. Concepto, principios y modalidades de la carrera profesional de los funcionarios de carrera”, Palomar Olmeda, A. (dir.), Sempere Navarro, A.V. (dir.) e Quintanilla Navarro, R.Y. (coord.), *Comentario a la Ley 7/2007, de 12 de abril del Estatuto Básico del Empleado Público*, 2.ª ed., Thomson Reuters Aranzadi, Madrid, 2009, pp. 171 a 180.

No seo da Unión Europea, cabe destacar unicamente, a xeito de exemplo de Informe de estratexia o de Bruxelas 26.2.2020 SWD (2020) 508 final. Informe sobre España 2020, que acompaña ao documento Comunicación da Comisión ao Parlamento Europeo, ao Consello Europeo, ao Consello, ao Banco Central Europeo e ao Eurogrupo, Semestre Europeo 2020: Avaliación dos avances no que respecta ás reformas estruturais e á prevención e á corrección dos desequilibrios macroeconómicos, e resultados dos exames exhaustivos conforme o Regulamento (UE) n. 1176/2011 (COM (2020) 150 final)¹⁶.

Unha última consideración sobre a regulación que da avaliación normativa fai a LCSP lévanos a formular que do resultado da avaliación non deriva unha nomofilaxe automática da regulación da compra pública, ao careceren os órganos avaliadores, como é obvio, de toda competencia normativa. Os órganos avaliadores unicamente teñen competencias para efectuar estudos e informes e, como resultado destes, realizar propostas de regulación, ben para afondar ou para desbotar unha determinada liña normativa, ou ben informes e recomendacións que, aínda que teñen un alto valor doutrinal e adoitan ser aplicados polos distintos operadores xurídicos e económicos, non son vinculantes, e no máis intenso dos supostos de intervención, como é o caso da OIRESCON, para ditar instrucións *“fixando as pautas de interpretación e de aplicación da lexislación”*¹⁷.

Non obstante, o instrumento verdadeiramente avaliador da LCSP é a Estratexia Nacional de Contratación, regulada no seu artigo 334, que é un documento xurídico vinculante para todas as entidades contratantes de España, que realizará unha análise de todos os datos dispoñibles e abordará, entre outras cuestións, a mellora da supervisión da contratación pública, a elaboración de manuais de boas prácticas, e promoverá a profesionalización na contratación pública cun horizonte temporal de catro anos. A elaboración desta estratexia exige a participación dos órganos anteriormente

¹⁶ Dispoñible en: https://ec.europa.eu/info/sites/info/files/2020-european_semester_country-report-spain_es.pdf.

¹⁷ Sobre este tema que non constitúe especificamente o obxecto deste traballo, resulta de grande interese a controversia doutrinal sobre o carácter vinculante das instrucións da OIRESCON: GIMENO FELIU, J.M. e MORENO MOLINA, J.A., “La Oficina Independiente de Regulación y Supervisión de la Contratación (OIRESCON) como bóveda de la arquitectura de regulación y supervisión de la contratación pública”, *Observatorio de Contratación Pública*, 6 de marzo de 2019. Dispoñible en: <http://obcp.es/opiniones/la-oficina-independiente-de-regulacion-y-supervision-de-la-contratacion-oreiscon-como> (Consultado o 14 de xuño de 2020). DÍEZ SASTRE, S., “La obligatoriedad de las instrucciones de la OIRESCON”, *Instituto de Derecho Local de la Universidad Autónoma de Madrid*, 6 de marzo de 2019. Dispoñible en: <https://www.idluam.org/blog/la-obligatoriedad-de-las-instrucciones-de-la-oirescon/> (Consultado o 14 de xuño de 2020).

indicados, xa que será realizada polo Comité de Cooperación no seo da XCCPE, sendo finalmente aprobado pola OIReSCON.

Os parámetros de avaliación a que máis arriba me refería están especificamente establecidos para a estratexia nacional de avaliación no apartado 2 do artigo 334 da LCSP:

Parámetros de transparencia e de loita contra a corrupción: *Combater a corrupción e as irregularidades na aplicación da lexislación sobre contratación pública.*

Parámetros de eficiencia: *Promover a eficiencia económica nos procesos de obtención de bens, servizos e subministracións para o sector público, estimulando a agregación da demanda e a axeitada utilización de criterios de adxudicación e incrementar a profesionalización dos axentes públicos que participan nos procesos de contratación. Xeneralizar o uso da contratación electrónica en todas as fases do procedemento.*

Parámetros de estratexia: *Utilizar as posibilidades da contratación pública para apoiar políticas ambientais, sociais e de innovación, e promover a participación das pemes no mercado da contratación pública.*

A avaliación que supón a Estratexia Nacional de Contratación non queda no ámbito da avaliación normativa, senón que pretende ser unha auténtica avaliación estratéxica da compra pública. Agora ben, dado que ata a data non se elaborou o documento, non é posible saber se efectivamente a vocación de avaliación estratéxica atopará reflexo nel ou se limitará a unha mera análise cuantitativa de datos, o que na miña opinión sería unha auténtica oportunidade perdida.

Outro informe que prevé a LCSP cunha finalidade avaliadora é o Informe sobre a contratación pública en España, que, de acordo co establecido no apartado 8 do seu artigo 346, o Goberno enviará anualmente ás Cortes Xerais a partir dos datos e análises proporcionadas polo Rexistro de Contratos do Sector Público. O Ministerio de Facenda e Función Pública porá en coñecemento da Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia o informe, tras a súa remisión polo Goberno ás Cortes Xerais.

Pode afirmarse que a vontade avaliadora na LCSP como consecuencia do novo paradigma de gobernanza queda representada pola cantidade de informes que con esta finalidade establece: o informe anual que o Goberno remite ás Cortes, o informe trianual que a Xunta Consultiva remite á Comisión Europea e o informe anual de supervisión cuxa aprobación corresponde á OIReSCON, xunto coa Estratexia Nacional de Avaliación. Tal profusión de informes, non obstante, por si soa non parece ser garantía da calidade da actividade avaliadora.

Fóra dos órganos tipicamente avaliadores da LCSP, tamén participan na función de avaliación distintos axentes, xa teñan ou non funcións administrativas. Efectivamente, os informes e conclusións sobre os efectos da normativa de compra pública en distintos sectores e mercados cumpren, así mesmo, esa misión avaliadora, ofrecéndolle ao lexislador encargado da súa implementación ou mellora informes de primeira man sobre o impacto daquela. É o caso de asociacións profesionais, fundacións de investigación, colexios profesionais, federacións de municipios, universidades, etc.

A colaboración público-pública e público-privada, no máis amplo sentido da expresión, é un elemento determinante do éxito da avaliación, ou, tal como indica o

primeiro informe anual de supervisión da contratación pública en España, OIRESCON, de decembro de 2019¹⁸, “*a supervisión pública require, sempre, da cooperación entre distintos órganos ou unidades administrativas, con institucións, autoridades ou organismos públicos situados en distintos ámbitos territoriais e competenciais –instancias europeas incluídas– nun escenario de relacións interadministrativas e interinstitucionais, no que tamén conflúen axentes privados –operadores económicos e cidadáns, con vontades e intereses diferenciados– que colaboran, directa ou indirectamente, co ente supervisor*”.

Non cabe descoñecer tampouco a que poderíamos denominar avaliación impropia que se presupón no lexislador cando acomete cambios ou modificacións na regulación da compra pública, á vista dos distintos intereses en xogo e dos efectos que produce a aplicación das normas. Podería ser este o caso da derogación parcial do artigo 118.3 da LCSP respecto do tan comentadísimo novo expediente do contrato menor, especificamente da tamén tan deostada e comentada regra da incompatibilidade, mediante o Real decreto–lei 3/2020, do 4 de febreiro, de medidas urxentes polo que se incorporan ao ordenamento xurídico español diversas directivas da Unión Europea no ámbito da contratación pública en determinados sectores; de seguros privados; de plans e fondos de pensións; do ámbito tributario e de litixios fiscais, que ofrece un bo exemplo desta actividade froito da avaliación impropia polo propio lexislador ao sinalar o seu preámbulo que “*tamén se incluíu a modificación do artigo 118 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, que recolleu o decaído proxecto de Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2019 (BOC do 16 de xaneiro de 2019), ao resultar urxente e necesario por razóns de seguridade xurídica solucionar os graves problemas técnicos que o actual artigo 118.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, suscita ao exixir, para asinar un contrato menor, que o contratista non subscribise máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen as cifras que establece o artigo 118.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro*”.

Certamente, a LCSP sentou as bases para un auténtico sistema de avaliación e supervisión da súa aplicación. Entón, por que a cuestión inicialmente formulada? Pode afirmarse que a avaliación proposta na LCSP é eficaz? Sen atrevernos a facer unha análise tan pouco tempo despois da creación do sistema, non obstante, non resulta complicado albiscar a realidade, acudindo ás propias fontes da información.

Se algo queda claro da lectura do primeiro informe anual da OIRESCON é que non hai unha correlación axeitada entre o obxectivo perseguido e os medios asignados para dar cumprimento a este. Efectivamente, sinala o propio informe xa nas súas primeiras liñas que “*para a realización deste non se dispuxo dos medios informáticos nin persoais indispensables para iso*”, concretando esta inicial aseveración ao analizar cada unha das mostras seleccionadas. O panorama complícase aínda máis no escenario de profesionalización que a contratación pública exige, non só pola cada vez máis complexa realidade sobre a que opera, senón tamén por impulso e recomendación

¹⁸ Dispoñible en: <https://contrataciondelestado.es/wps/wcm/connect/27901388-df3a-434d-8a47-3356a7c11261/INFORME+SUPERVISION+OIRESCON+2019.pdf?MOD=AJPERES>.

da UE¹⁹, profesionalización que obviamente debe estar presente en todo o sistema, incluíndo necesariamente a avaliación deste.

Pero non é só a falta de medios a que pon trabas á verdadeira eficacia da avaliación, senón tamén a pluralidade de formas de facer as cousas ou de cumprir a lei, froito da organización administrativa do noso país, en que a autonomía de xestión, malia presentar evidentes vantaxes asentadas no sistema, leva consigo importantes inconvenientes de coordinación que resultan, ao meu xuízo, letais para a consecución do obxectivo marcado, afectando ao elemento esencial que permite o manexo e o estudo dos datos, a interoperabilidade ou a capacidade dos sistemas de información e dos procedementos aos que estes dan soporte de compartir datos e posibilitar o intercambio de información e coñecemento entre eles²⁰. Esta heteroxeneidade na presentación dos datos deriva da multiplicidade de perfís de contratante, que aínda que foi atallada na LCSP desde a perspectiva da transparencia, ao exixir que os datos publicados nos perfís tamén o fosen na plataforma de maneira directa ou mediante o sistema de perfís aloxados, non parece estar funcionado tan ben en canto á consideración da plataforma non só como instrumento de transparencia, senón de gobernanza e como fonte fundamental de información de cara á obtención de datos sobre os que proxectar a análise da compra pública.

Lamentablemente, a recente situación derivada da crise sanitaria causada polo coronavirus COVID-19 é un triste exemplo diso. Non só se puxeron de relevo tales inconvenientes a nivel estatístico sanitario, senón que, no labor avaliador da OIRESCON, se fixo patente esta circunstancia. Así resulta da lectura do informe especial “A publicidade das emerxencias COVID-19”.

Son, polo tanto, os dous elementos que conforman a avaliación normativa os que sofren deficiencias que comprometen a consecución dos seus obxectivos. Tanto a obtención de datos en formato aberto e reutilizable que permita o seu axeitado estudo e tratamento como a súa interoperabilidade presentan déficits que dificultan a verdadeira avaliación da compra pública²¹. Tamén se resente o elemento da aplicación a estes de métodos de estudo profesionalizados que permitan extraer consecuencias valorables no eido da avaliación, isto último debido á falta de medios tanto materiais como persoais que sofren algúns dos órganos avaliadores.

¹⁹ Recomendación (UE) 2017/1805 da Comisión, do 3 de outubro de 2017, sobre a profesionalización da contratación pública. “Construír unha arquitectura para a profesionalización da contratación pública”. Dispoñible en: <https://www.boe.es/doue/2017/259/L00028-00031.pdf> (Consultado o 14 de xuño de 2020).

²⁰ STC 2/1983, do 28 de abril, ECLI:ES:TC:1983:32, “A coordinación persegue a integración da diversidade das partes ou subsistemas no conxunto ou sistema, evitando contradicións e reducindo disfuncións que, de subsistiren, impedirían ou dificultarían respectivamente a realidade mesma do sistema”.

²¹ *Identifícase a necesidade de mellora da información das plataformas existentes tanto PLACSP como as de ámbito autonómico, xa que se detectaron erros na información publicada tanto de fondo como de forma (en relación coa información do órgano de contratación no seu perfil, mesa de contratación, e actividade contractual), así como a falta de homoxeneidade, e unha deficiencia da calidade do dato ofrecido en formato aberto e reutilizable.*

5 Conclusión

O sector público español atópase nun punto de inflexión e de non retorno, atreveríame a sinalar, en canto ao xeito de facer as cousas. Deben superarse definitivamente conceptos de eficacia arredor da cousa pública que implican a consecución do obxectivo marcado, pero sen unha verdadeira reflexión xeneralizada sobre o impacto das medidas adoptadas. Tal reflexión e a aplicación práctica das súas conclusións converten o sistema de eficaz en eficiente, o que implica a presenza necesaria de mecanismos de avaliación.

Non é un segredo que a contratación pública como normativa sectorial do sistema de aprovisionamento do sector público para o exercicio das súas competencias non pode quedar á marxe, senón que debe ser protagonista do cambio de mentalidade e da transformación das administracións públicas, xunto coa mellora da cobertura tecnolóxica do sistema. Non só polo seu impacto económico, senón polo seu impacto directo, así mesmo, nas diversas realidades sobre as que se proxecta.

A LCSP contén a regulación pertinente para un primeiro estadio na avaliación do seu impacto, a avaliación normativa; non obstante, algunhas das primeiras experiencias aplicativas desta normativa subxacen as dificultades materiais para a súa implementación. Pola súa banda, non hai previsións de avaliación estratéxica da aplicación da norma, que en parte asumiron operadores alleos ao sector público, cuxas conclusións, non obstante, contribúen á análise da súa eficiencia, sendo un valor engadido que se establezan mecanismos de cooperación para aproveitar as sinerxías entre sector público e privado.

Podería dicirse, de momento, que a intención é boa...

Bibliografía

- CANALS I AMETLLER, D. (dir.), *Evaluación de impacto normativo por razón de género. Su aplicación efectiva en las instituciones europeas y en España*, Centro de Estudios Políticos y Constitucionales, Madrid, 2020.
- CHEVALLIER, J. e LOSCHAK, D., *Science administrative*, Librairie générale de droit et de jurisprudence, París, 1978.
- COMISIÓN EUROPEA, *Better Regulation Guidelines*, 2017. Dispoñible en: <https://ec.europa.eu/info/sites/info/files/better-regulation-guidelines.pdf> (Consultado o 16 de xuño de 2020).
- DÍEZ SASTRE, S., “La obligatoriedad de las instrucciones de la OIRESCON”, *Instituto de Derecho Local de la Universidad Autónoma de Madrid*, 6 de marzo de 2019. Dispoñible en: <https://www.idluam.org/blog/la-obligatoriedad-de-las-instrucciones-de-la-oirescon/> (Consultado o 14 de xuño de 2020).
- GIMENO FELIU, J.M. e MORENO MOLINA, J.A., “La Oficina Independiente de Regulación y Supervisión de la Contratación (OREISCon) como bóveda de la arquitectura de regulación y supervisión de la contratación pública”, *Observatorio de Contratación Pública*, 6 de marzo de 2019. Dispoñible en: <http://obcp.es/>

Regap



COMENTARIOS E CRÓNICAS

- opiniones/la-oficina-independiente-de-regulacion-y-supervision-de-la-contratacion-oreiscon-como (Consultado o 14 de xuño de 2020).
- PAREJO ALFONSO, L., “La eficacia como principio jurídico de la actuación de la Administración pública”, *Documentación Administrativa*, n. 218-219, 1989.
- PAREJO ALFONSO, L., *Eficacia y Administración: tres estudios*, Ministerio de Administraciones Públicas, Madrid, 1996.
- PRIETO ROMERO, C., “La planificación y la evaluación normativa en la Ley del procedimiento administrativo común de las administraciones públicas”, *Revista Jurídica de la Comunidad de Madrid*, 26 de febreiro de 2018.
- RECUERDA GIRELA, M.Á. (dir.), *Comentarios a la nueva Ley de contratos del sector público*, Civitas-Thomson Reuters, Madrid, 2018.

Responsabilidade patrimonial da Administración xeral do Estado: un estudo da Orde SND/326/2020 do Ministerio de Sanidade, xerada como consecuencia da crise por COVID-19

Responsabilidad patrimonial de la Administración general del Estado: un estudio de la Orden SND/326/2020 del Ministerio de Sanidad, generada como consecuencia de la crisis por COVID-19

Patrimonial liability of the general State Administration: a study of the Order SND/326/2020 of the Ministry of Health, created as a consequence of COVID-19 crisis

59 Regap

regap



COMENTARIOS E CRÓNICAS

GABRIELE VESTRI

Profesor Axudante Doutor de Dereito Administrativo
Universidade de Cádiz
Orcid 0000-0002-7959-0458
gabriele.vestri@uca.es

Recibido: 20/04/2020 | Aceptado: 03/07/2020
DOI: <https://doi.org/10.36402/regap.v0i59.4312>

Resumo: Este estudo pretende analizar a estrutura da responsabilidade patrimonial da Administración estatal como consecuencia da introdución da Orde SND/326/2020 do Ministerio de Sanidade. A orde permite a fabricación de máscaras e batas cirúrxicas durante a permanencia do estado de alarma a persoas físicas e xurídicas que así o soliciten; tamén autoriza a produción de material sanitario a quen non o faga de forma profesional ou cando a súa actividade principal sexa a fabricación doutro tipo de produto. No contexto de excepcionalidade determinado pola pandemia por COVID-19, parécenos interesante analizar os criterios que poderían determinar a responsabilidade da Administración do Estado pola defectuosidade dun produto sanitario cuxa produción é autorizada pola mesma orde.

Palabras clave: Ministerio de Sanidade, responsabilidade patrimonial da Administración, estado de alarma, material sanitario, COVID-19.

Resumen: Este estudio pretende analizar la estructura de la responsabilidad patrimonial de la Administración estatal como consecuencia de la introducción de la Orden SND/326/2020 del Ministerio de Sanidad. La orden permite la fabricación de mascarillas y batas quirúrgicas durante la permanencia del estado de alarma a personas físicas y jurídicas que así lo soliciten; también autoriza la producción de material sanitario a quien no lo haga de forma profesional o cuando su actividad principal sea la fabricación de otro tipo de producto. En el contexto de excepcionalidad determinado por la pandemia por COVID-19, nos parece interesante analizar los criterios que podrían determinar la responsabilidad de la Administración del Estado por la defectuosidad de un producto sanitario cuya producción es autorizada por la misma orden.

Palabras clave: Ministerio de Sanidad, responsabilidad patrimonial de la Administración, estado de alarma, material sanitario, COVID-19.

Abstract: This study aims to analyze the structure of the patrimonial responsibility of the State Administration as a consequence of the introduction of Order SND/326/2020 of the Ministry of Health. The order allows the manufacture of masks and surgical gowns by individuals and legal entities that request it during the permanence of the state of emergency. The order authorizes the production of sanitary material for those who do not do it professionally or when their main activity is the manufacture of another type of product. In the context of exceptionality determined by the COVID-19 pandemic, we find interesting to analyze the criteria that could determine the responsibility of the State Administration for the defect of medical device whose production is authorized by the same order.

Key words: Ministry of Health, patrimonial liability of the Administration, state of emergency, healthcare material, COVID-19.

SUMARIO: 1 A xeito de introdución. 2 Obxecto material da orde. 3 A determinación da responsabilidade extracontractual no ámbito deste estudo. 3.1 Determinación do nexo de causalidade. 4 A concorrencia na causación do dano. 5 Breves reflexións conclusivas.

1 A xeito de introdución

O pasado día 14 de marzo de 2020 e así como está establecido no artigo 116.2 da Constitución española e en cumprimento da Lei orgánica 4/1981, do 1 de xuño, dos estados de alarma, excepción e sitio (en diante LOREAES), o Ministerio da Presidencia, Relacións coas Cortes e Memoria Democrática, aprobábase o Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declaraba o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19¹.

Cómpre destacar que o artigo 4.2 d) do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, recoñece o Ministerio de Sanidade como autoridade competente para o exercicio das funcións que se consideran no mesmo real decreto. Neste contexto, o Ministerio de Sanidade, con data do 6 de abril, aproba a Orde SND/326/2020, «pola que se establecen medidas especiais para o outorgamento de licenzas previas de funcionamento de instalacións e para a posta en funcionamento de determinados produtos sanitarios sen marcación CE con ocasión da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19»². Neste sentido, o punto primeiro da orde ocúpase de establecer que: «Constitúe o obxecto desta orde o establecemento de medidas especiais en materia de licenza previa de funcionamento de instalacións e garantías sanitarias requiridas aos produtos sanitarios

¹ BOE n. 67, do 14 de marzo de 2020, pp. 25390 a 25400.

² BOE n. 97, do 7 de abril de 2020, pp. 28415 a 28417.

recollidos no anexo, necesarios para a protección da saúde pública na situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19». O anexo citado recolle dous produtos sanitarios: máscaras e batas cirúrxicas.

Resulta particularmente interesante con relación a este traballo o punto cinco da orde, que en materia de responsabilidade patrimonial establece o seguinte:

«A eventual responsabilidade patrimonial que puidese imputarse por razón da licenza excepcional previa de funcionamento de instalacións, o uso de produtos sen a marcación CE, en aplicación do artigo 15 do Real decreto 1591/2009, do 16 de outubro, ou das garantías sanitarias non exixidas a un produto será asumida pola Administración xeral do Estado, de acordo coas disposicións aplicables da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, sempre que o dito produto sanitario lle fose entregado ao Ministerio de Sanidade coa finalidade de atender os afectados pola pandemia ocasionada polo COVID-19 ou axudar ao seu control, sen a obtención de ningún tipo de beneficio empresarial por parte da persoa física ou xurídica autorizada para a súa fabricación e posta en funcionamento ou de calquera outras que interveñan nese proceso. As autorizacións que se expidan en aplicación desta orde invocarán expresamente este artigo e deixarán constancia das circunstancias a que se refire este».

En resumidas contas, o Ministerio de Sanidade autoriza a que a Axencia Española de Medicamentos e Produtos Sanitarios outorgue, logo de solicitude do interesado, unha licenza excepcional ou unha modificación provisional e temporal –durante a vixencia do estado de alarma– dunha licenza preexistente para que unha persoa física ou xurídica poida producir máscaras e batas cirúrxicas. En caso de verificación dun dano producido por defectos no dito material sanitario, a Administración xeral do Estado asumiría a responsabilidade patrimonial. Así mesmo, a Administración xeral do Estado responderá sempre que o produto sanitario fose subministrado ao Ministerio de Sanidade co único propósito de atender os afectados pola pandemia ou axudar ao seu control e sen que o produtor ou quen interveña no proceso de produción obtivese algún tipo de beneficio empresarial³.

A orde que é obxecto de estudo é sen dúbida unha resposta a unha situación de absoluta emerxencia, non soamente en España senón en todo o mundo e particularmente en Europa, onde a produción e a exportación do material sanitario necesitaron recorrer a medidas extraordinarias⁴. Evidentemente, a declaración do estado de alarma comporta a adopción de decisións cuxo contido é excepcional e que, neste caso concreto, pode producir consecuencias substancialmente descoñecidas ou pouco predicibles.

Neste sentido, parécenos interesante reflexionar acerca das implicacións que en materia de responsabilidade patrimonial poderían xerarse debido á orde que é obxecto de estudo e que finalmente insta a entender unha *aceptación anticipada* da responsabilidade extracontractual por parte da Administración xeral do Estado.

³ Cfr. punto segundo e punto quinto da Orde SND/326/2020.

⁴ Nun sentido máis amplo, véxase: ARROYO JIMÉNEZ, L. e ELIANTONIO, M., "Masks, gloves, exports licences and composite procedures: Implementing Regulation 2020/402 and the limelight of accountability", *European Journal of Risk Regulation*, Cambridge Coronavirus Collection, 2020, pp.1-8. DOI 10.1017/err.2020.28.

A análise que pretendemos desenvolver debe abordar unha serie de factores previos que definen o alcance desta orde e que deben servir como antecedentes para entender a dinámica xeradora da responsabilidade patrimonial e a súa posible indemnización, que, no ámbito sanitario, pode chegar a ser de gran calado económico. Noutras palabras, interésanos verificar se, unha vez producido o dano, a actual estrutura da responsabilidade extracontractual pode, efectivamente, facer responsable a Administración xeral do Estado ou se, pola contra, a cuestión formulada na orde pode implicar problemas de aplicación práctica.

2 Obxecto material da orde

Como dicíamos, o anexo da orde SND/326/2020 identifica os produtos sanitarios que poden fabricarse ao abeiro do seu contido. Trátase de máscaras e batas cirúrxicas. Sen meternos excesivamente en cuestións técnico-sanitarias, si é relevante entender a tipoloxía de produto suxeito a fabricación⁵.

As máscaras cirúrxicas son equipos de protección individual (EPI) e a súa función é protexer as vías respiratorias ante a exposición a contaminantes. Están fabricadas cun material filtrante e constan dun *clip* ou adaptador nasal e dunhas gomas ou cintas de suxeición. Trátase de equipos necesarios para a protección respiratoria do usuario fronte a partículas e aerosois líquidos, tales como po, axentes biolóxicos, citostáticos e outros fármacos perigosos. Están deseñadas para filtrar as partículas emitidas polo usuario durante a respiración, impedindo que estas cheguen ao exterior. O seu deseño impide que os axentes infecciosos presentes no tracto respiratorio do usuario cheguen á outra persoa. É importante destacar que estes tipos de máscaras deben ser usadas só o tempo necesario e ser desbotadas ao cambiar de paciente ou actividade. Deben utilizarse como parte dun protocolo de precaución básico, así como naquelas tarefas que poidan xerar salpicaduras ou nebulizacións de sangue, fluídos corporais, secrecións e excrecións⁶.

Así mesmo, resultan eficaces cando quen a leva manteña unha distancia de polo menos un metro do paciente ou usuario⁷.

A bata cirúrxica ou estéril está feita de tea de algodón, cunha abertura posterior e cintas para atar. Componse dun peto, que é dobre para que a transpiración non traspase o grosor da tea. Cada manga pode rematar en puño para facilitar a superposición das luvas á bata. A bata colabora co mantemento da asepsia e actúa como vestimenta de

⁵ Neste ámbito véxase tamén: Regulamento de execución (UE) 2020/402 da Comisión do 14 de marzo de 2020 polo que se supedita a exportación de determinados produtos á presentación dunha licenza de exportación.

⁶ Véxase, por exemplo: CASTILLO, P., "Norma europea de mascarillas quirúrgicas (En 14683: 2005), ¿Cuál es su utilidad práctica para enfermería quirúrgica?", *Revista de la Asociación Española de Enfermería Quirúrgica*, n. 20, 2005, pp. 10-15.

⁷ Existen diversas definicións, aínda que a gran maioría converxen no que resumimos. Para afondar neste tema, consultar: OSAKIDETZA, HOSPITAL UNIVERSITARIO DONOSTIA, UNIDADE BÁSICA DE PREVENCIÓN - SAÚDE LABORAL, *Máscaras*, 2020. Dispoñible en: https://www.osakidetza.euskadi.eus/contenidos/informacion/hd_publicaciones/es_hdon/adjuntos/GuiaSL23c.pdf (Consultado o 14 de abril de 2020). GOBERNO DA RIOXA, RIOXA SAÚDE, *Protección respiratoria: máscaras quirúrgicas y máscaras de protección*, 2020. Dispoñible en: <https://www.riojasalud.es/rrhh-files/rrhh/proteccion-respiratoria-rev-3175.pdf>. (Consultado o 14 de abril de 2020).

protección corporal para a exposición a secrecións, fluídos, tecidos ou material contaminado. Tratándose dun equipo de protección deseñado para as áreas cirúrxicas, a parte dianteira da bata, cintura cara a arriba ata o nivel dos ombros e das mangas ata os codos, considérase área estéril, por iso a bata debe ser desbotable⁸.

Este breve excursio sobre as características do material sanitario que pode ser fabricado ao abeiro da orde deixa patente o gran volume de produtos que os centros sanitarios, e máis concretamente os centros hospitalarios, necesitan para enfrontarse cada día (e cada hora) á pandemia producida polo COVID-19. Só a título de información, e considerando meras noticias xornalísticas, soamente os hospitais da Comunidade de Madrid (epicentro da pandemia española) necesitan dúascentas mil máscaras diarias⁹.

Por iso, España afronta un desabastecemento xeneralizado destes produtos que levou a optar por unha fabricación que polo menos desde o punto de vista teórico parece ser menos restrinxida.

Agora ben, o material sanitario mencionado require certo coñecemento técnico, por básico que isto poida parecer. Trátase de equipos de protección persoal que evidentemente deben cumprir, como mínimo, coa súa función primordial, que é a de protexer a persoa. Esta protección, principalmente, está garantida polo correcto deseño dos equipos, así como polo uso de materiais específicos que permitan a salvagarda da saúde dos usuarios.

Regap



COMENTARIOS E CRÓNICAS

3 A determinación da responsabilidade extracontractual no ámbito deste estudo

Como é sabido, a Administración pública deberá responder patrimonialmente en caso de provocación dun dano que lle sexa directamente imputable como consecuencia da súa acción ou omisión, e/ou da súa actividade normal ou anormal na prestación dos servizos públicos¹⁰. Tamén a lesión debe responder a determinados requisitos materiais e, particularmente, debe tratarse dun dano antixurídico, efectivo, avaliable e individualizable en relación con persoas ou grupos¹¹. Abundante é a xurisprudencia que se pronuncia neste sentido¹².

A responsabilidade extracontractual atopa, así mesmo, a súa propia localización constitucional. Precisamente, o artigo 106.2 da Constitución española recoñécelles a

⁸ Véxase entre outros: AUXILIAR DE ENFERMARÍA, <https://apuntesauxiliarenfermeria.blogspot.com/2010/11/la-bata-quirurgica.html> (Consultado o 15 de abril de 2020), e INFO CIENCIA Y SALUD, <http://infocienciasyalud.blogspot.com/2012/11/uso-de-la-bata-o-mandilon.html> (Consultado o 15 de abril de 2020).

⁹ LIBERTAD DIGITAL, <https://www.libertaddigital.com/espana/2020-03-20/hospitales-madrid-mascarillas-coronavirus-1276654330/>, 20 de marzo de 2020 (Consultado o 15 de abril de 2020).

¹⁰ Véxase GARCÍA DE ENTERRÍA, E. e FERNÁNDEZ, T.R., *Curso de Derecho Administrativo II*, 15ª ed., Editorial Aranzadi, Cizur Menor, 2017, pp. 406-414. Neste mesmo sentido pronúnciase o artigo 32.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

¹¹ Véxase ESTEVE PARDO, J., *Lecciones de Derecho Administrativo*, 7ª ed., Marcial Pons, Madrid, 2017, pp. 296-298. Neste mesmo sentido: GAMERO CASADO, E. e FERNÁNDEZ RAMOS, S., *Manual básico de Derecho Administrativo*, 14ª ed., Tecnos, Madrid, 2017, pp. 716-718. PITA BRONCANO, C.P., "La responsabilidad patrimonial de la administración", *Anuario de la Facultad de Derecho*, n. 24, 2006, pp. 119-126.

¹² Entre outras véxase: SSTs (3ª) 29 de xaneiro, 10 de febreiro, 9 de marzo e 13 de outubro de 1998.

todos os particulares o dereito a ser indemnizados por toda lesión que poidan sufrir en calquera dos seus bens e dereitos como consecuencia do funcionamento dos servizos públicos e máis precisamente en materia de Administración sanitaria¹³.

Nestes termos, a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, mantivo a regulación da responsabilidade patrimonial da Administración pública establecendo unha responsabilidade xeral e directa que atopa aplicación cando se cumpran os requisitos que exige a norma e se actúe segundo o procedemento previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC)¹⁴. Ademais, as previsións legais previstas na LPAC non rematan no marco da LPAC, senón que a mesma lei, na disposición derradeira décimo quinta, faculta o Consello de Ministros e os ministros de Presidencia e de Facenda e Administracións Públicas a ditar as disposicións regulamentarias necesarias para o seu desenvolvemento¹⁵. Claro está, como sinala Gabriel Doménech Pascual, que as normas identifican dous importantes factores:

«O primeiro é que tales normas xerais son enormemente abertas, ambigüas e pouco precisas, o que nesta materia entraña un inconveniente e unha vantaxe. O inconveniente é que non dan unha resposta específica nin clara ás cuestións que presenta unha crise tan insólita como a que estamos a experimentar, pois non foron pensadas para semellantes situacións, problema que se acentúa precisamente polo feito de que esta crise e as medidas adoptadas para facerlle fronte son tan extraordinarias que resulta sumamente complicado atopar na xurisprudencia dos nosos tribunais sentenzas ditadas en casos análogos que proporcionen unha base firme sobre a que poidamos apoiarnos con seguridade. A vantaxe é que a súa textura aberta lles confire unha enorme flexibilidade e permite adaptalas ás excepciónais circunstancias concorrentes»¹⁶.

Agora ben, no que nos ocupa, parece clara a posición do Ministerio de Sanidade. A Administración xeral do Estado responderá patrimonialmente polas actuacións do fabricante do material sanitario. Indica Moreno Bodes que «A responsabilidade patrimonial da Administración comprende aqueles supostos en que os danos sexan causados directamente polo persoal ao seu servizo¹⁷». A orde non indica ningún tipo de relación (laboral, por exemplo) entre a Administración estatal e o produtor. Neste sentido, a orde subliña a gratuidade da produción. Cabe entón preguntarse de que

¹³ Sobre responsabilidade patrimonial da Administración sanitaria, pode verse, entre outros, MIR PUIGPELAT, O., *La responsabilidad patrimonial de la administración sanitaria: organización, imputación y causalidad*, Civitas, Madrid, 2000. Sempre do mesmo autor, véxase: "Responsabilidad objetiva vs funcionamiento anormal en la responsabilidad patrimonial de la Administración sanitaria", *Revista Española de Derecho Administrativo*, n. 140, 2008, pp. 629-652. Sobre responsabilidade obxectiva da Administración, pode lerse: RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ, I., "La responsabilidad objetiva de la Administración pública y la equidistribución del coste del bien común", *Revista Española de Derecho Administrativo*, n. 195, 2018, pp. 155-192.

¹⁴ Neste sentido, véxase RIVERA FRADE, M.D., "La responsabilidad patrimonial de la administración pública en las Leyes 39/2015 y 40/2015. Aspectos sustantivos", *Revista de Asesoría Jurídica Xeral*, n. 7, 2017, p. 71.

¹⁵ Véxase RIVERA FRADE, M.D., "Responsabilidad patrimonial de las administraciones públicas cuando actúan a través de sujetos privados. Especial referencia a los contratistas y a los concesionarios", *Revista Galega de Administración Pública (REGAP)*, vol. 1, n. 58, 2019, p. 366 (Dispoñible en: <https://doi.org/10.36402/regap.v1i58.55>).

¹⁶ DOMÉNECH PASCUAL, G., "Responsabilidad patrimonial del estado por la gestión de la crisis del COVID-19", *El Cronista del Estado Social y Democrático de Derecho*, n. 86-87 (Exemplar dedicado a: Coronavirus e outros problemas), 2020, pp. 104-105.

¹⁷ MORENO BODES, M., "La responsabilidad patrimonial de la Administración Pública, especial mención en el ámbito sanitario", *Cadernos de Dereito Actual*, n. 9, 2018, p. 66.

xeito podería configurarse a responsabilidade patrimonial da Administración cando, a pesar da correcta actuación do persoal sanitario, o paciente ou usuario sufra un dano debido ás condicións dos sistemas de protección persoal fabricados no marco da orde ministerial.

A declaración do estado de alarma non deshabilita os criterios clásicos da responsabilidade extracontractual; de feito, a mesma LOREAES, no seu artigo 3.2, establece que: «Os que como consecuencia da aplicación dos actos e disposicións adoptadas durante a vixencia destes estados sufran, de forma directa, ou na súa persoa, dereitos ou bens, danos ou perdas por actos que non lles sexan imputables, terán dereito a ser indemnizados de acordo co disposto nas leis». Neste caso, habería que remitirse á aplicación da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público¹⁸.

Nesta mesma orde de ideas, parece interesante sinalar diversas cuestións. En primeiro lugar: o artigo 36.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, establece que os danos e perdas deben ter sido causados polas autoridades e o persoal ao servizo da Administración pública correspondente e que entón os particulares lle solicitarán a indemnización á devandita Administración. En segundo lugar: aínda que o estado de alarma aparentemente reduce as competencias autonómicas e locais, estas non se anulan. De feito, o mesmo Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma, fai fincapé nisto. O artigo 4.3 recoñece determinados ministros como autoridades delegadas; non obstante, circunscribe a súa actividade específica de actuación establecendo que as comunidades autónomas e as entidades locais participan na toma de decisións. Máis concreto e contundente é o artigo 6 do real decreto cando declara que as administracións –sen distinción– manteñen «as competencias que lle outorga a lexislación vixente na xestión ordinaria dos seus servizos para adoptar as medidas que estime necesarias no marco das ordes directas da autoridade competente». Noutros termos, no estado de alarma parece reducirse a rixidez competencial, que finalmente deberá ser resolta mediante o principio de prevalencia¹⁹ e que no caso da responsabilidade patrimonial parece admitir certa concorrencia. Así se pronuncia, por exemplo, Santaella Sáez admitindo que: «Neste caso, a asunción de competencias das comunidades autónomas faría que fosen estas as que terían a lexitimación pasiva para soportar esta responsabilidade, aínda que, dada a declaración do estado de alarma por parte do Estado e conseguinte exercicio de funcións derivadas da centralización de medidas neste ámbito, podería facer que tivese tamén responsabilidade, podendo falar, se é o caso, dunha responsabilidade concorrente de conformidade co artigo 33 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público»²⁰.

¹⁸ Véxase GONZÁLEZ LÓPEZ, J., "Reales Decretos de declaración y prórroga del estado de alarma: naturaleza jurídica, control jurisdiccional y responsabilidad patrimonial", *Gabílex*, n. 2 (extraordinario), 2020, p. 38.

¹⁹ Neste sentido pode verse: VELASCO CABALLERO, F., "Estado de alarma y distribución territorial del poder", *El Cronista del Estado Social y Democrático de Derecho*, n. 86-87 (Exemplar dedicado a: Coronavirus e outros problemas), 2020, pp. 80-82. Así mesmo, o autor pronunciou-se no mesmo sentido na xornada dixital organizada o 16 de abril de 2020, polo *Regulation and Digital Innovation Research Group* de la Universidad de Valencia titulada: *El Derecho Público ante la crisis del COVID-19: "Derecho constitucional"*.

²⁰ SANTAELLA SÁEZ, Ó., "La responsabilidad patrimonial de la Administraciones Públicas en la gestión del Coronavirus", *Diario La Ley*, n. 9613, Sección Tribuna, 15 de abril de 2020.

Así que, aínda que a orde que é obxecto desta análise atinxe á responsabilidade patrimonial da Administración xeral do Estado pola fabricación dun produto defectuoso, non podemos descartar que, debido ao desenvolvemento do evento danoso derivado do uso do dito produto, tamén sexa necesario considerar a intervención das administracións autonómicas e locais que finalmente lles distribúen o material sanitario aos usuarios e que poderían verse implicadas na valoración do nexos de causalidade.

Como dixemos, o produto defectuoso asume un importante papel que permite determinar a responsabilidade extracontractual da Administración pública. Desde o punto de vista xurisprudencial e só a título de exemplo –entre outros–, cabe sinalar a Sentenza do Tribunal Supremo 3488/2002, do 15 de maio. Trátase «dun menor de idade que, sometido a unha cirurxía abdominal de apendicite, tras un postoperatorio normal pasa á unidade de enfermaría onde ás vinte e catro horas do mesmo día se lle ve no abdome unha zona como a palma da man de vesículas cheas de pus, por queimadura polo iodo que lle puxeron, con queimadura nas costas por gotas que lle caeron» (FX 2º). O tribunal condena o órgano do Servizo Valenciano de Saúde, adscrito á Consellería de Sanidade da Generalitat Valenciana, a indemnizar a familia do menor, considerando a entidade «como responsable directa do funcionamento que se produciu, que pode considerarse anormal e reprochable, xa que a tintura de iodo tiña unha concentración máis elevada do normal, unida ao factor lumínico calorífico da lámpada de quirófano» (FX 5º). En definitiva, o tribunal admite a defectuosidade do material sanitario, o iodo, presumindo de feito o nexos de causalidade como elemento, neste caso, de produción dun dano desproporcionado.

3.1 Determinación do nexos de causalidade

Agora ben, un elemento básico da responsabilidade é demostrar o elemento causal que une unha acción ou omisión coa provocación do dano que, en determinadas ocasións e no ámbito xudicial, dificulta a demostración da conexión causal entre o dano producido e o feito axuizado²¹.

Como sinala Manuel Rebollo Puig, é necesario verificar se, en presenza das debidas precaucións, o dano se tería podido evitar²². Esta posición foi avalada por distintas resolucións xudiciais. Por exemplo, o Tribunal Superior de Xustiza de Cataluña, Sec. 4ª, Sentenza n. 1137/2004, do 11 de novembro (Ar. Xur. 2005/6712), establece:

«(...) o exame da relación de causalidade inherente a todo caso de responsabilidade extracontractual, debendo subliñarse: a) Que entre as diversas concepcións conforme as cales a causalidade pode concibirse, se impoñen aquelas que explican o dano pola concorrencia obxectiva de factores cuxa inexistencia, en hipótese, tivese evitado aquel. b) Non son admisibles, en consecuencia, outras perspectivas tendentes a asociar o nexos de causalidade co factor eficiente, preponderante, socialmente axeitado

²¹ Véxase: MEDINA ALCOZ, L., *La responsabilidad proporcional como solución a la incertidumbre causal*, Editorial Civitas, Madrid, 2019.

²² Neste sentido, aínda que dunha forma máis precisa, pronunciouse REBOLLO PUIG, M., *Ponencia dictada en el Seminario de Doctorado de la Universidad de Cádiz*, o 7 de novembro de 2019.

ou exclusivo para producir o resultado danoso, posto que –válidas como son noutros terreos– irían neste en contra do carácter obxectivo da responsabilidade patrimonial das administracións públicas».

No caso que nos ocupa, a valoración do nexos de causalidade debería ser investigado no ámbito da produción do dano como consecuencia do mal funcionamento do material sanitario entregado polo particular, que, fabricado sen as debidas garantías, podería producir a responsabilidade da Administración xeral do Estado. Precisamente debido ao respecto necesario de certas condicións técnicas, o nexos de causalidade parece desbordarse do ámbito xurídico ao científico²³.

Por iso, habería que considerar a responsabilidade administrativa nas relacións de especial suxeición, nas cales os particulares teñen dereito a ser indemnizados polas administracións públicas como consecuencia das lesións que poidan sufrir en calquera dos seus bens ou dereitos cando aqueles exercen as funcións propias do seu cargo, ou, pola contra, ao asumir voluntariamente os riscos inherentes ao servizo público concreto que prestan. Aínda que a xurisprudencia adoita considerar este tipo de responsabilidade supondo unha acción ou omisión do funcionario ou empregado público que representa á Administración, é certo que o Ministerio de Sanidade, mediante a orde, asume voluntariamente os riscos propios dunha posible produción ineficaz²⁴.

Claro está que neste contexto deberá predominar o estudo da *lex artis* dos usuarios e/ou dos sanitarios que entregan ou utilizan o material sanitario. Non se trata, polo tanto, de verificar só se as máscaras e as batas cirúrxicas non presentan defectos de fabricación, senón que será tamén necesario comprobar se o material foi utilizado correctamente. No primeiro caso (mal funcionamento), o nexos de causalidade podería producir a responsabilidade patrimonial. No segundo caso, como pode deducirse, o dano sería privado daquel nexos de causalidade que provocaría a responsabilidade total da Administración pública ou que, en todo caso, presentaría as características dunha corresponsabilidade na provocación do dano a través da participación do usuario particular cuxa colaboración podería ser considerada relevante e determinante²⁵.

4 A concorrencia na causación do dano

Nesta orde de ideas e segundo o que podemos achegar, parece asomarse ao debate a posibilidade de que a orde ministerial xere unha concorrencia entre administracións na causación do dano, así como entre a Administración estatal, protagonista da orde ministerial e a entidade produtora do material sanitario. Isto débese principalmente á dificultade de establecer con seguridade se o dano sufrido polo particular se debe ao incorrecto uso dos equipos de protección individual, ao mal funcionamento dos equipos producidos ou á falta de vixilancia por parte da autoridade competente durante

²³ Véxase GONZÁLEZ PELLICER, J.M., "¿Casualidad o causalidad?", *Revista de Derecho UNED*, n. 16, 2015, pp. 365-382.

²⁴ En materia de asunción voluntaria dos riscos, véxase: Tribunal Supremo, Sala 3ª, Sec. 6ª, Sentenza do 14 de outubro de 2004 (EDX 152785), Tribunal Supremo, Sala do Contencioso-Administrativo, Sec. 6ª, Sentenza do 19 de abril de 1997, recurso n. 1075/1992.

²⁵ Neste sentido, véxase: RUIZ DÍAZ, V.E., "Responsabilidad patrimonial: la ruptura del nexos causal. La intervención de la vítima en la produción del daño", *Consultor de los Ayuntamientos y de los Juzgados*, n. 4, abril, 2019, pp. 99-109.

a produción do material. Este escenario podería determinar unha responsabilidade mancomunada, concorrente, unha tipoloxía de responsabilidade que, polo menos entre administracións, está prevista no artigo 33 da Lei 40/2015: «Cando da xestión dimanante de fórmulas conxuntas de actuación entre varias administracións públicas derive responsabilidade nos termos previstos nesta lei, as administracións intervinientes responderán fronte ao particular, en todo caso, de forma solidaria. O instrumento xurídico regulador da actuación conxunta poderá determinar a distribución da responsabilidade entre as diferentes administracións públicas».

Agora ben, entre distintas administracións, o núcleo fundamental da responsabilidade concorrente é a existencia do instrumento regulador; así o establece a norma. Non obstante, a lei non entra no quid das características do convenio regulador. Sen outras indicacións técnico-xurídicas e empregando quizais a lexislación civil como o principal apoio, debemos entender que o estatuto regulador consiste nun documento en que as administracións implicadas pactan distintos aspectos da responsabilidade extracontractual pola que poderían responder. A orde ministerial obxecto deste estudo non parece introducir ningún tipo de detalle que, aínda que sexa de forma axiolóxica, determine que poida considerarse como un instrumento regulador.

Distinto, ao noso xuízo, podería ser o caso da responsabilidade patrimonial concorrente entre a Administración xeral do Estado e quen produce o material sanitario en obxecto. O mero feito de que o Ministerio de Sanidade dite unha orde excluindo certas praxes de profesionalidade que, en condicións normais, serían necesarias parece convertelo en copartícipe na produción do dano se é que finalmente o produtor fabrica un produto que non protexe como é debido. Noutras palabras, é complicado individualizar a responsabilidade. Parece crearse unha espiral na cal a Administración estatal podería culpar o fabricante pola incorrecta construción, así como o produtor inculpar á Administración por permitir a fabricación segundo regras máis laxas. Aquí podería actuar a responsabilidade concorrente dalgunha forma extralimitada debido a que unha das partes sería un particular.

5 Breves reflexións conclusivas

Cómpre sinalar que a orde que foi obxecto deste estudo se desenvolve nun estado de excepcionalidade social. A iso debemos sumar o descoñecemento, en todos os sectores, que produce a declaración do estado de alarma. Á marxe da situación de emerxencia, parece que a atribución da responsabilidade patrimonial á Administración xeral do Estado debe buscarse nos instrumentos xurídicos ordinarios.

«(...) a protección dos usuarios turísticos e a garantía e a sustentabilidade dunha actividade turística de calidade poden considerarse unha xustificación de interese xeral que ampare determinadas restricións contidas na ordenación do turismo efectuada pola lei. Entre elas, a de que a oferta de vivendas turísticas e de uso turístico teñan que alugarse na súa totalidade, tendo en conta que a posibilidade de alugar cuartos só existe na ordenación de Galicia tanto nas modalidades tradicionais de aloxamento (hoteis, pensións e similares) como –o que é máis relevante na perspectiva desde a que se realiza este exame– en alugueiros particulares fóra da normativa turística. Así pois, nun ámbito circunscrito dese xeito a unha soa modalidade de alugueiro e coa finalidade de que esta poida manter unha maior calidade e protección dos usuarios, a exclusión do alugueiro por cuartos pode considerarse unha regulación admisible e proporcionada desde a perspectiva da Lei de garantía da unidade de mercado e da Directiva de servizos.

Queda só destacar que esta conclusión, aparentemente oposta á que chegamos no caso de Canarias, é consecuencia das diferentes circunstancias en que xurdiron os dous supostos.

regap



COMENTARIOS E CRÓNICAS

Como xa dixemos, naquel suposto impugnábanse unhas sentenzas que anularan unha medida semellante imposta mediante decreto e sen un apoio explícito na lei reguladora do turismo nesa comunidade autónoma, sen que esta sala considerase aceptables as razóns dadas para xustificar tal restrición regulamentaria. (...) Pola contra, neste suposto entendemos que a finalidade da medida ofrecida polo lexislador autonómico, principalmente a mellor garantía dos dereitos dos usuarios e o fomento dunha oferta turística de calidade, no contexto das amplas posibilidades de alugueiro por cuartos que se admiten noutras modalidades de arrendamentos, tanto entre as tradicionais consideradas pola propia lei como fóra desta en contratos non sometidos á regulación turística, permiten entender que a exclusión do arrendamento separado por cuartos nas vivendas turísticas e de uso turístico se axusta a dereito».

E confirma, por último, a habilitación dos concellos para prohibir ou limitar o número de vivendas dedicadas ao aloxamento turístico (artigo 5.6), xa que:

«(...) non se impón a dita limitación de xeito efectivo, senón que, tal como se expresou, se autoriza os concellos a facelo. Será polo tanto a posible limitación establecida por un concello a que terá que ser sometida a un escrutinio estrito desde a perspectiva da garantía do mercado e a competencia. Ou, dito doutra forma, non é posible excluír a priori que nun determinado concello concorran circunstancias que poidan constituír unha razón imperiosa de interese xeral para limitar o número de vivendas de uso turístico. Non procede formular aquí hipóteses ou previsións sobre que circunstancias puidesen chegar a xustificar unha medida limitativa como a que se cuestiona, pois basta neste litixio con constatar que non se prevé unha limitación ou restrición concreta á actividade económica sobre as vivendas de uso turístico. Non é polo tanto unha medida que poida compararse, como fai a demandante, coa prohibición canaria de vivendas vacacionais en zona turística que esta sala declarou contraria a dereito na Sentenza do 12 de decembro de 2018 (RC 4959/2017)».

8.2 Declaración de zona de grande afluencia turística. Compatibilidade de limitacións horarias e comerciais coa Directiva de servizos

A Sentenza do TS do 18 de maio de 2020 (rec. 362/2019, relator: Del Riego Valledor) confirma a de instancia do TSXG, desestimando o recurso promovido pola Asociación Nacional de Grandes Empresas de Distribución (ANGED) fronte á resolución do 15 de xullo de 2016 da Consellería de Economía da Xunta de Galicia, pola que se aprobou a proposta motivada dun concello de declaración de determinadas áreas do seu municipio como zona de grande afluencia turística (DOG de 21/07/2016). Fíxanse nesta sentenza os seguintes criterios xurisprudenciais:

«i) As limitacións territoriais ou temporais na declaración de zona de grande afluencia turística, que restrinxan o principio xeral que proclama o artigo 5.1 da Lei 1/2004, do 21 de decembro, de horarios comerciais, de liberdade para determinar os días e horas da súa actividade comercial recoñecida aos establecementos instalados en zonas que teñan esa cualificación, han de considerarse restricións ou limitacións ao exercicio dunha actividade económica, para os efectos de aplicación do artigo 5 da Lei 20/2013, do 9 de decembro, de garantía de unidade de mercado.

ii) A suxeición dos poderes públicos autonómicos ás exixencias do artigo 5 da Lei 20/2013, do 9 de decembro, de garantía da unidade de mercado, supón que o establecemento por estes de límites ao exercicio dunha actividade económica deberá estar motivada na salvagarda dalgunha razón imperiosa de interese xeral de entre as comprendidas no artigo 3.11 da Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio».

Conclúe tamén o tribunal que:

«(...) o acordo de declaración de zona de grande afluencia turística de Vigo deu cumprimento á exixencia do artigo 5.4 da LHC de xustificar as restricións territoriais e temporais de acordo cos intereses comerciais, turísticos e en beneficio do consumidor, e este beneficio do consumidor é coincidente coa protección dos dereitos dos consumidores e dos destinatarios dos servizos, que se inclúe na lista pechada de razóns imperiosas de interese xeral do artigo 3.11 da Lei de servizos (...) expresa a Lei galega 13/2006, de horarios comerciais, as razóns que xustifican a súa específica regulación en materia de horarios comerciais, consistentes, entre outras, na importancia da presenza do comercio polo miúdo na vertebración das vilas, cidades e barrios, a súa contribución á súa habitabilidade e seguridade, a protección das persoas que pola súa idade e outras circunstancias teñen dificultades de mobilidade, a axuda na loita contra a desertización e o desemprego e a conciliación da vida familiar e laboral (...).

A necesidade das limitacións territoriais e temporais incorporadas pola Administración galega na declaración de zona de grande afluencia turística a que se refire este recurso atopa a súa xustificación nas razóns imperiosas de interese xeral expostas.

En canto á proporcionalidade das limitacións, a sala considera que non pode discutirse no que se refire ás limitacións de orde temporal, xa que a declaración de zona de grande afluencia turística impugnada reconece a liberdade de horarios durante todos os domingos e festivos do ano, coa única restrición de que o horario comercial se estenderá ata as 22.00 horas, sendo tal restrición de moi reducida entidade en relación cos fins perseguidos, ademais da circunstancia apreciada pola sentenza impugnada, que (FX 5º) atopa xustificada a restrición temporal porque ese horario de ata as 22.00 horas razoablemente será coincidente coa franxa horaria en que hai máis afluencia de visitantes.

Tamén lle parece á sala que se cumpre o requisito de proporcionalidade das limitacións territoriais da declaración de zona de grande interese turístico, á vista da apreciación da sentenza impugnada, con valor de feito probado, que destaca (FX 4º), a partir dos informes existentes nas actuacións, que as áreas ás cales se limita a declaración, que son Vigo histórico e o barrio histórico de Bouzas, constitúen “o principal foco turístico da cidade, onde se concentran os recursos artísticos, culturais e monumentais que atraen os turistas”, de forma que, como acertadamente sinala a sentenza impugnada, “o valor específico destas zonas si pode xustificar unha delimitación xeográfica como a que se recolle no acordo impugnado”».

regap



COMENTARIOS E CRÓNICAS

9 Universidades

9.1 Prelación para a elección de docencia do profesorado contratado doutor sobre o funcionario non doutor

O TSXG, na súa Sentenza do 26 de febreiro de 2020 (rec. 153/2019, relator: López González), anula o criterio de prelación para a elección de docencia establecido nas Normas de elaboración do Plan de Ordenación Docente (POD) da Universidade de Vigo para o curso 2019/2020, segundo o cal, en caso de conflito, se fai prevalecer o Profesorado Contratado Doutor sobre o Profesorado Titular de Escola Universitaria non Doutor, cos seguintes argumentos:

«(...) No sistema docente universitario conviven, tras a reforma operada na Lei orgánica 1/2006, de universidades, pola Lei 4/2007, persoal funcional e persoal contratado de forma indefinida. Non pode obviarse que a nosa organización de emprego público, tal como se diseña na Constitución e no Estatuto básico do empregado público, é un sistema de base funcional onde os funcionarios públicos, por razón das súas funcións e a necesidade de garantir a súa imparcialidade dentro e fóra da organización administrativa, gozan dun estatuto sometido a reserva legal, e así o declarou o Tribunal Constitucional en distintas ocasións, por todas a Sentenza 99/87, do 11 de xuño.

O noso sistema de función pública constitúe unha institución básica da organización xurídico-pública do Estado, asentada en principios básicos constitucionalmente recollidos.

O EBEP é boa mostra diso e así trata de asegurar a inmovilidade dos funcionarios xunto co mérito e a capacidade como principios que o artigo 23 da Constitución establece para seleccionar a quen lle vai ser encomendada a tutela do interese xeral no exercicio de funcións públicas. Certamente, non se pode discutir que a existencia de empregados públicos en réxime laboral está recollida no EBEP, previsión que, ao noso xuízo, establece un criterio residual en relación coa necesidade de que determinados postos en que se exercen funcións públicas se reserven a funcionarios públicos. É este o momento de sinalar que no acceso do persoal funcional se aprecian maiores exixencias de rigor na aplicación dos principios de igualdade, mérito e capacidade que cando a selección se realiza de persoal laboral. Non en van, deséñanse sistemas de accesos distintos nun e outro caso.

Desde esta perspectiva, non cabe dúbida de que a pertenza a un corpo docente supón unha vinculación cualificada en relación cos principios descritos e demostrativa dun criterio de selección rigoroso que ademais, no caso da pertenza aos corpos docentes, exige unha dobre fase, non só coa superación do proceso selectivo na propia universidade onde se exerce a función docente, senón tamén mediante un proceso previo de habilitación nacional.

O acordo impugnado fai pivotar a preferencia na elección de docencia na posesión ou non do grao de doutor. Como é sobradamente coñecido, trátase da titulación máxima no ámbito universitario e ligada sobre todo á investigación, pero que, a xuízo desta sala, non pode supor un criterio de preferencia absoluto en relación co desempeño de funcións docentes. Do acordo impugnado deriva esa preferencia do profesor doutor, sexa ou non funcionario. A postergación dos profesores titulares non doutores fronte aos profesores

contratados doutores, primando o grao de doutor como elemento de prevalencia, podía levar mesmo a xustificar non só que un profesor contratado non doutor tivese prevalencia sobre un titular de escola non doutor, senón tamén a prevalencia do contratado laboral fixo doutor sobre titular doutor, sendo ambos os dous doutores, mesmo tamén o contratado laboral temporal doutor sobre titular non doutor. É dicir, o criterio de atribución de prevalencia é a posesión do grao de doutor e non a vinculación permanente ou non do profesor, tal como pretende defender o escrito de contestación á demanda (...).

A pertenza a estes corpos, sexa como catedrático ou como profesor titular, engade un valor que é o propio dos funcionarios públicos de carreira, que non pode ser descoñecido pola norma litixiosa, que prescinde deste na forma máis arriba descrita.

Non cabe dúbida de que a impartición de ensinanzas en terceiro ciclo pode quedar excluída para os profesores pertencentes a corpos docentes que non teñan o grao de doutor, precisamente polas razóns expostas, pero sen que iso poida supor as limitacións que nos outros dous ciclos recolle o acordo impugnado, e que tampouco podería facer aos profesores titulares doutores ser postergados polos contratados doutores.

Certamente o art. 56.1 da Lei 6/2001, establecía que os profesores titulares das escolas universitarias terán con carácter xeral plena capacidade docente ao que se engade a investigadora cando tamén estivesen en posesión do título de doutor. A reforma operada neste precepto pola Lei orgánica 4/2007 non pode descoñecer que haxa funcionarios pertencentes a eses corpos que non sexan doutores e aos que precisamente a disposición adicional segunda desa lei reformadora garante que permanezan na súa situación actual, mantendo todos os seus dereitos e conservando a súa plena capacidade docente.

Estas circunstancias descritas fan irracional, nos termos do propio escrito de contestación á demanda, a orde de prevalencia contida no acordo litixioso que pospón uns funcionarios docentes en relación a uns contratados indefinidos, sobre a base de que se posúa ou non a titulación ou o grao de doutor, motivo este que determina a nulidade do acordo impugnado, conforme o previsto no artigo 47.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, en relación cos artigos 9.3 da Constitución e demais preceptos sinalados, así como coa doutrina xurisprudencial antes exposta».

9.2 Estatuto do persoal investigador predoutoral en formación

A Sentenza do TS do 16 de xuño de 2020 (rec. 195/2019, relator: Rodríguez-Zapata) desestima o recurso contencioso-administrativo interposto por unha universidade galega contra o Real decreto 103/1019, do 1 de marzo, aprobatorio do Estatuto do persoal investigador predoutoral (BOE do 15/03/2019).

Tal como se indica na sentenza: «O dito real decreto ditouse en desenvolvemento da Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación, que, no seu artigo 20, establece tres modalidades de contrato de traballo específicas do persoal investigador: o contrato predoutoral, o contrato de acceso ao sistema español de ciencia, tecnoloxía e innovación e o contrato de investigador distinguido.

A norma que se impugna desenvolve regulamentariamente o artigo 21 da lei e, de acordo co dito precepto, regula un contrato predoutoral que ten por obxecto a realización

de tarefas de investigación, no ámbito dun proxecto específico e novidoso, polos que estean en posesión do título de licenciado, enxeñeiro, arquitecto, graduado universitario con grao de polo menos 300 créditos ECTS (acrónimo de European Credit Transfer System) ou máster universitario, ou equivalente, e fosen admitidos a un programa de doutoramento. Este persoal terá a consideración de persoal investigador predoutoral en formación.

O real decreto desenvolve a relación laboral establecida mediante ese novo contrato predoutoral que se subscribe por escrito entre o persoal investigador predoutoral en formación e as entidades públicas (do artigo 20.2 da lei) ou privadas (da súa disposición adicional primeira) (...).

O artigo 7 do real decreto regula as retribucións dos contratos predoutorais e establece o seguinte:

“1. A retribución deste contrato non poderá ser inferior ao 56 por 100 do salario fixado para as categorías equivalentes nos convenios colectivos do seu ámbito de aplicación durante os dous primeiros anos, ao 60 por 100 durante o terceiro ano, e ao 75 por 100 durante o cuarto ano. Tampouco poderá ser inferior ao salario mínimo interprofesional que se estableza cada ano, segundo o artigo 27 do Texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores.

2. Para o establecemento das retribucións anteriores tomarase como referencia mínima a categoría correspondente ao Grupo 1 de persoal laboral da táboa salarial recollida no convenio único de persoal laboral da Administración xeral do Estado.

3. A aplicación da cantidade anual resultante tamén se poderá computar ao período total do contrato predoutoral de catro anos».

A sentenza desestima o recurso considerando que:

«o proxecto ten un impacto económico positivo, porque establece unha redución do 30% da cota empresarial da Seguridade Social por continxencias comúns na cotización relativa ao persoal investigador predoutoral en formación contratado baixo a modalidade de contrato predoutoral establecida no artigo 21 da Lei 14/2011, do 1 de xuño. Esta quedará acollida ao Réxime Xeral da Seguridade Social en concordancia coa disposición adicional décimo oitava da dita lei (disposición adicional única).

A queixa afecta ao impacto orzamentario, pero resulta tamén que non o ten para o exercicio para o que se ditou, porque –como opón o avogado do Estado– séguense mantendo as retribucións económicas vixentes ata a data, que se seguen aboando nas nóminas dos diversos organismos. A universidade recorrente fai fincapé por iso nas observacións do Consello de Estado, que cre que amparan a súa posición, e apunta unha deficiencia dos informes existentes. É obvio que as reflexións do ditame do alto corpo consultivo son meras consideracións que non teñen carácter esencial para a decisión do consultante, como o demostra a fórmula “unha vez consideradas” coa que conclúe o ditame respecto do acollemento ou non das súas mesmas observacións. Así o entendeu, sen dúbida, o Goberno, que expediu o real decreto “de acordo co Consello de Estado, o que esta sala non entende obxectable”.

O esforzo de argumentación da recorrente enérvase de todo se se atende, en fin, ás alegacións do avogado do Estado que subliñan que o decreto entrou en vigor o 16 de marzo de 2019, que non é retroactivo e que cómpre lembrar a disposición transitoria cuarta da Lei

14/2011, do 1 de xuño, sen prexuízo do que resulte de cada particular contrato ou da súa modificación por convenio colectivo ou pacto singular. O certo é que, con esa interpretación, que é factible, se pode soste r validamente que o real decreto non supuña incremento de gasto público nin incremento orzamentario para os contratos xa asinados. E, mesmo, que, respecto dos futuros, haberá que observar a dotación que se estableza en orzamentos e o que dispoña cada entidade empregadora en exercicio da súa autonomía universitaria, o que non ten nada que ver co real decreto. A causa de nulidade non prospera.

Todo iso sen que este tribunal terce para resolver, nun sentido ou noutro, no que son simples dúbidas de interpretación da norma, que non debe esclarecer un órgano xurisdiccional, que non é un órgano consultivo, sendo suficiente, para os efectos que nos interesan, que non prosperan porque se formulan como unha causa de nulidade formal que non se pode acoller.

O real decreto expediuse cunha memoria económica, non son de aplicación as dúas sentenzas desta sala que se invocan e, como xa se dixo, o ditame emitido polo Consello de Estado tampouco apoia a interpretación da recorrente».

Regap



COMENTARIOS E CRÓNICAS

Regap

Recensiones

3

Gracia y desgracia del Sacro Imperio Romano Germánico. Montgelas: el liberalismo incipiente



FRANCISCO VILA CONDE

Universidade Autónoma de Madrid
franvilaconde@hotmail.com

Recibido: 01/07/2020 | Aceptado: 03/07/2020
DOI: <https://doi.org/10.36402/regap.v0i59.4563>

Regap



RECENSIONES

SOSA WAGNER, F.: *Gracia y desgracia del Sacro Imperio Romano Germánico. Montgelas: el liberalismo incipiente*, Madrid, Marcial Pons, 2020, pp. 268. ISBN: 978-84-9123-776-1¹.

Gracia y desgracia del Sacro Imperio Romano Germánico é o título da última obra do profesor Francisco Sosa Wagner, un libro que, malia a abraiante cantidade de datos e precisións históricas, é, como adoita ser habitual nas súas obras, de lectura áxil, grazas a unha prosa fina e entretida, elegante e pracenteira. Este libro inscríbese nunha saga, empezada con *Maestros alemanes del Derecho público*, continuada con *Carl Schmitt y Ernst Forsthoff: coincidencias y confidencias*, ao que seguiu *Juristas y enseñanzas alemanas (I): 1945-1975*, que trata de achegar o lector español á Historia alemá e ao seu dereito público. Esta última obra é, quizais, a menos alemá de todas e, asemade, a máis difícil de relatar pola cantidade de séculos de vixencia do coloso que describe: o Sacro Imperio Romano Xermánico.

O ensaio pode dividirse en dúas partes, que poderían constituír dous libros independentes. A primeira está formada polos capítulos 1 e 7. A segunda, polos capítulos

¹ Recensión escrita sendo destinatario o seu autor dunha Axuda para o Fomento da Investigación en Estudos de Máster-UAM 2019.

2 a 6, onde narra as peripecias vitais de Maximilian Joseph Montgelas, auténtico «rei na sombra» do Reino de Baviera. Vaiamos por partes.

Tanto o primeiro capítulo da obra como o último (capítulo 7) narran a Historia do Sacro Imperio. A diferenza estriba en que o último o fai desde o *jus publicum* e os autores que foron decisivos para a súa formación. O capítulo primeiro, pola súa banda, comeza cunha interesantísima digresión que trata de cualificar, de definir, que tipo de forma político-histórica foi o Sacro Imperio. O autor sinala que «o Sacro Imperio non foi un *Estado territorial*, senón máis ben unha combinación de persoas, institucións, corporacións que cambiaba ao fío de guerras (...). Á súa fronte atopábase o emperador representando, dun xeito simbólico, a unidade e a lexitimidade dun conxunto vaporoso».

Esta forma política, nacida entre auga bendita, efectivamente non foi, nin tampouco podía ser, un Estado. Aínda que a formación do Estado foi un proceso agregativo, lento e progresivo, onde quen desempeñaba o poder estatal foi absorbendo o resto de poderes intermedios ata se converter en soberano (poder absoluto que non está sometido a ningún outro e ao que todos se subordinan, caracterizado pola unidade de acción e decisión, á vez que pacificador dos conflitos xurdidos no territorio sobre o que se proxecta ao posuír el, e só el, o Estado, o monopolio lexítimo da violencia), non é menos certo que a forma política estatal xorde na modernidade a partir da Reforma, sen prexuízo do precedente de Federico II de Suabia, alá polo século XIII. O Estado nace coa afirmación do particularismo, representado polos Estados, fronte ao universalismo representado pola Igrexa e, precisamente, o Sacro Imperio.

Polo tanto, a precisión feita polo profesor é clara e pertinente, xa que deslinda a forma estatal da forma política que constituía o Sacro Imperio. Como se deduce da anterior referencia, o Sacro Imperio xamais tivo un poder central forte, senón que se trataba dun emperador, cuasinominal, que era incapaz de controlar os conflitos internos entre os centos de principados, ducados e condados en que o Imperio se dividía. O Sacro Imperio non foi capaz de ter un exército de seu independente dos exércitos dos principados que o conformaban, os cales só se unían para loitar fronte a un inimigo común (Imperio otomán) e que, á falta deste, se dedicaban a guerrear entre eles. O autor achaca a debilidade do poder do emperador ao que denomina a «pegada de Augsburgo». É dicir, os sucesivos emperadores pertencentes a esta dinastía en nada contribuíron a centralizar e fortalecer o poder imperial, senón que, a través das sucesivas «capitulacións» que asinaba o emperador electo (porque no Sacro Imperio os emperadores debían ser elixidos) cos diferentes principados, estes últimos gañaban cada vez máis poder en detrimento do poder central (algo similar á España actual). Que caro sae obter o poder!

Coa chegada da Reforma (século XVI), o poder central do emperador debilitouse máis aínda. Bótase en falta, quizais, que o profesor Sosa Wagner non fixese unha reflexión, á luz da Historia do Sacro Imperio, de se a Igrexa non obtivo o seu xusto pagamento cando os Estados xurdidos da Paz de Westfalia (1648) negan o poder do bispo de Roma. A saber, a debilidade do Imperio ten unha razón que, ao meu xuízo, é esencial: o pau nas rodas co que se atopaba o emperador sempre que quería fortalecer

o seu poder. Ese pau nas rodas tiña nome e apelido, e non era outro que o dos sucesivos papas que ocuparon a cadeira de San Pedro. Na Alta Idade Media, a *respublica* ou *societas christiana* apoiábase en dúas espadas: o Imperio, *sacro*, e a Igrexa, *sancta*. Esta república cristiá era universal en acto e en potencia. En acto, porque abrangía todos os pobos de Occidente; en potencia, porque tiña como fin a evanxelización de todo o xénero humano. A república cristiá viuse periclitada principalmente porque a *Sancta Ecclesia*, despois do emperador Federico Barbarroxa (1123–1190), declarou exentos do poder imperial determinados territorios (España, Francia e Inglaterra), e outros territorios que seguían formando parte do Imperio estaban gobernados por un eclesiástico (bispo) que lle debía obediencia ao papa antes que ao emperador. A Igrexa foi quen puxo o xerme do particularismo fronte ao universalismo do emperador. Por conseguinte, nunha sorte de graza *divina*, cando, despois da Reforma, os diferentes reis afirman a súa relixión (reformada) e o particularismo estatal fronte á Igrexa, non fixeron senón devolverlle a moeda con que ela lle pagara ao Imperio. A chegada da Reforma significou, deste xeito, que o mundo occidental se convertese nun pluriverso de Estados. O poder do emperador viuse máis limitado aínda. Como de maneira atinada sinala o profesor: «Moi resumidamente pode afirmarse que a historia do Sacro Imperio é a do enfrontamento entre o *káiser* e os príncipes territoriais e mais o condimento que engadían as ambicións pertinaces da Igrexa».

No medio da lea descrita, a institución que mellor representou a unidade do Imperio foron os tribunais de xustiza imperiais: o *Reichshofrat* e o *Reichskammergericht*. Nunca destacados por unha atribución de competencias claras entre un e outro nin tampouco pola rapidez con que resolvían os litixios, porén, «non se comprende o dereito público alemán se non se ten en conta o labor despregado por estes tribunais tanto pola forma de resolver os preitos ante eles formulados coas súas argumentacións inacabables e puntillosas como polo que significou a súa importante contribución á formación dos xuristas das universidades». Das palabras do autor infírese que estes tribunais de xustiza, con todas as súas limitacións, son o máis destacable dunha forma política por momentos irrecoñecible. Non exentos de acusacións de corrupción aos xuíces que os compuñan, os dous tribunais foron, non obstante, os que «sempre obtiveron o aplauso medido (ao convivir con burlas populares pouco indulxentes) pero expresivo por representar, mellor que ningunha outra institución, a unidade e utilidade do *Reich*».

O capítulo 7 do libro, que como adiantamos é a continuación do primeiro capítulo, é tremendamente instrutivo para o interesado no dereito público. O segundo parágrafo do capítulo contén unha sentenza diáfana, expresiva e contundente: «Alí onde hai unha autoridade, alí acaba habendo dereito público». Con esta referencia deberían empezar todas as clases de dereito no primeiro ano de carreira. Ao longo do máis de medio centenar de páxinas que contén o capítulo, o autor demostra manexar conceptos clave como: *cuius regio, eius religio*, soberanía, *sine tributis nullus status*, etc., explicándoos desde os seus formuladores (Stephani, Bodino, Justus Lipsius) cunha soltura envexable. Resume, aclara e explica todos estes termos, que, insisto, calquera curioso polos conceptos xurídico-públicos conformadores da modernidade ten nestas páxinas un material preciso e precioso con que empezar a traballar.

Regap



RECENSIONES

O resto de capítulos da obra están destinados a achegar o lector español á figura de Maximilian Joseph Montgelas. Este suxeito naceu en Múnic en 1759. Estudou cos xesuítas, primeiro, e na Universidade de Estrasburgo, despois, entre 1770 e 1776. Nesta última cidade, coñecería personaxes tan descoñecidos como un tal Goethe, quen tamén cursaba dereito en Estrasburgo por aqueles anos. Montgelas foi, desde os seus anos como estudante, un apaixonado da Historia, pois, sinala o profesor Sosa Wagner, «a Historia ofrece ao tempo unha colección de experiencias para os políticos e unha canteira para a invocación de títulos xurídicos en preitos e disputas». Ao rematar a carreira, pertenceu aos famosos Iluminados de Baviera, «unha especie de masonaría, aínda que as dúas organizacións procuraron sempre manter ben separadas as súas particulares parroquias». Ser un iluminado, a pesar de renunciar ás organizacións secretas e mesmo chegar a prohibilas cando era triministro todopoderoso do Reino de Baviera, marcou para sempre a súa vida, pois foron constantes os ataques que recibiu por pertencer á dita organización.

O mozo Montgelas levábase extraordinariamente mal co príncipe elector de Baviera –Karl Theodor–, de xeito que foi parar ao pequeno ducado de Zweibrücken (un deses centos de principados, ducados e condados que compuñan o Sacro Imperio) á fronte do cal estaba Karl II. Á morte deste último, sucedeuno no ducado o duque Max, a quen Montgelas acompañará o resto da súa carreira como político. Á morte do odiado Karl Theodor (1799), o duque Max (Max IV Joseph) convértese en príncipe elector de Baviera e Montgelas séguese no seu novo destino.

Montgelas era un personaxe ilustrado, tiña unha biblioteca con miles e miles de libros e estaba disposto, primeiro en Zweibrücken e logo en Baviera, a facer as reformas necesarias. Foi un suxeito interesado en edificar un Estado neutral (secularizado) e despoxarse do vetusto Imperio que, aínda que materialmente, como se dixo, nunca tivo un poder forte efectivo, si era un lastre (bastante pesado) que Montgelas non estaba disposto a cargar. A fortuna sorriulle, en certo modo, cando Napoleón se dedicou a facer a guerra, a destro e sinistro, fronte a todo aquel que se opuña a Francia. Napoleón invade territorios do Imperio e, tras a *Acta concluínte da Dieta Imperial* de 1803, o Imperio salta polo aire. Xa en 1805, Baviera apoia a Napoleón fronte a Rusia, Inglaterra e Austria (si, o *Reich*), e ten a súa recompensa, xa que, coa Paz de 1805, Baviera, por primeira vez na Historia, se converte nun reino. Sobra dicir que detrás de todas estas artimañas estaba o ilustrado Montgelas. O profesor Sosa Wagner é bastante benévolo coa súa figura, pois, malia non dudar en cualificar –con razón– de lacaios todos aqueles alemáns (incluído algún bispo) que se puxeron ao servizo do francés, con Montgelas é bastante compracente. Non obstante, visto con perspectiva, non pode senón ser cualificado de sipaio, a pesar de que o autor sosteña –segundo os escritos do ilustrado– que, tanto na alianza con Francia como no seu abandono, actuou impulsado polo seu amor a Baviera e en servizo ao seu Estado».

Sentando o precedente, como gobernante bávaro levou a cabo unha serie de reformas recollidas nos capítulos 4 e 5: reformas na estrutura política a favor da secularización, educación obrigatoria, etc. O máis interesante da súa figura é o intento de xuridificar o político como Estado moderno, é dicir, neutral, ao que todo se subordina

e que non pode recoñecer outro señorío no seu territorio que o seu propio. Dito doutro xeito, acabar cos corpos intermedios (Igrexa, principalmente) e que o Estado pase a exercer as funcións públicas que antes exercerían os ditos corpos (educación, beneficencia, etc.). Montgelas cría no Estado como racionalizador da orde política. Isto debía conseguirse con reformas que secularizasen a orde. Preocupáboo especialmente que puidese haber xente non sometida á xurisdición do Estado, como era o caso dos conventos, de aí que os puxese no seu punto de mira e tratase de rematar cos seus privilexios. Nun Estado neutral e moderno todos son súbditos e atópanse sometidos á soberanía do Estado. Polo tanto, os bispos, como calquera outro, son súbditos que deben someterse ao poder estatal. Montgelas non admitía a separación Igrexa e Estado, senón que defendía «a súa incorporación [a da Igrexa] no Estado a asegurarlle ao príncipe (...) a autoridade para despreñar dentro dela todos os atributos da súa soberanía». Estas ideas, sobra dicir, chocaron frontalmente co bispo de Roma e Montgelas non chegou a asinar un Concordato coa Igrexa; mais este si frutificaría en 1817, cando o ilustrado xa non estaba no poder. A citada norma, vixente durante un século, malia non levar a sinatura formal de Montgelas, si levaba a rúbrica material, pois consagrou o principio de igualdade entre confesións cristiás por el defendido.

En definitiva, o libro que nos presenta o profesor Sosa Wagner é especialmente interesante por dous motivos. Por un lado, a maneira de quintaesenciar os principais conceptos do dereito público conformadores da estatalidade. Por outro lado, achegar o lector á Historia do Sacro Imperio e de Montgelas, do cal, confeso, non tiña coñecemento ata ler esta obra. É un ensaio xurídico-histórico de gran calidade, como nos ten acostumados o autor, claro, rigoroso e escrito coa envexable pluma de quen é capaz de conxugar a xenialidade do novelista coa precisión do xurista.

Regap



RECENSIONES

El Derecho de la Historia: memoria democrática y derechos históricos



DARÍO BADULES IGLESIAS

Investigador predoutoral FPU
Universidade de Zaragoza
Orcid 0000-0003-4907-5911
dbadules@unizar.es

Recibido: 15/04/2020 | Aceptado: 03/07/2020
DOI: <https://doi.org/10.36402/regap.v0i59.4300>

Regap



RECENSIONES

GARCÉS SANAGUSTÍN, Á.: *El Derecho de la Historia: memoria democrática y derechos históricos*, Madrid, Iustel, 2020, 228 pp. ISBN 978-84-9890-379-9.

En ocasións, non é necesario escribir grandes tratados con sisudas disquisicións para dicir moito. A monografía que veño comentar é un exemplo diso. O Dr. Garcés Sanagustín, profesor titular de Dereito Administrativo da Universidade de Zaragoza, presenta nesta ocasión unha obra que podería ata denominarse íntima, dalgunha forma sentimental, pero non por iso carente dun gran rigor xurídico e tamén histórico.

Trátase dun libro que, como el mesmo recoñece, podería estar a medio camiño entre a monografía xurídica e o ensaio. Proba disto é que todo o texto aparece trufado de numerosísimas historias, de non menos opinións e de bastantes xiros literarios (en ocasións, ata novelescos) que fan a lectura amena, interesante, pero non por iso menos profunda.

A obra do profesor Garcés Sanagustín xira arredor da idea que el mesmo define como «Dereito da Historia». Este non debe confundirse coa análise histórica do dereito, senón que se aproximaría quizais máis a unha especie de análise xurídica da Historia, se é que isto é posible. E é que, como ben advirte o autor, o dereito estase a converter, duns anos a esta parte, nunha sorte de «sede para resolver querelas

históricas e conflitos entre historiadores» (p. 23), tendo como consecuencia que o pasado se volvese, dalgunha forma e a pesar do evidente oxímoro, «imprevisible».

Na súa opinión, os poderes públicos estarían a acuñar unha especie de *tertium genus*, os «actos simbólicos» (p. 28), de natureza dúctil, con dubidosa eficacia xurídica pero indubidables efectos políticos: «nalgunhas destas normas (...) –di– prima máis a pulsión por impor o relato duns feitos do pasado que o establecemento de normas con capacidade para crear ou modificar situacións ou posicións xurídicas concretas».

O xuízo ao que se estaría a someter esa magnitude do espazo-tempo que son os feitos pasados (e, xa que logo, polo menos de momento, inalterables) resultaría inadecuado se se realiza en sede xurídica. O dereito, como recorda, pretende mirar ao futuro, ordenar a vida de xeito prospectivo; non pode alterar o pasado. E iso mesmo, pretender alterar dalgunha forma o pasado, é o que, na súa opinión, virían representar os dous exemplos que estuda polo miúdo: o da memoria histórica e o dos dereitos históricos, ao estudo dos cales dedica os dous capítulos principais da obra.

O primeiro capítulo-ensaio versa sobre «a memoria histórica ou democrática». Tras unha inicial digresión conceptual –sobre as memorias, a memoria empírica, a colectiva, a histórica e a democrática– vén analizar as coñecidas como leis de memoria histórica estatal –Lei 52/2007, do 26 de decembro, pola que se recoñecen e amplían dereitos e se establecen medidas en favor dos que padeceron persecución ou violencia durante a Guerra Civil e a ditadura (LMH)– e as súas homólogas (e, algunhas, homónimas) autonómicas. O ton crítico con respecto a elas reloce en toda a obra. Ao seu parecer, «quizais a memoria histórica teña (...) moito de representación do pasado e de exaltación dos seus dramas» (p. 41). Non obstante, considera que o espírito inicial da LMH atendía ao recoñecemento e á non renuncia da Transición española (p. 43), polo que o problema residiría nos excesos posteriores, en pretender realizar unha «causa xeral histórica» (p. 45), non en pretender achar os restos dos familiares desaparecidos, propósito que aplaude e considera imprescindible.

Crítica, de xeito repetido, o feito de que o que chega a cualificar como «lexítimo dereito á arenga» (p. 46) dos representantes políticos se estea a converter en normas xurídicas de obrigado cumprimento, pero de dubidosos efectos. Volvemos, pois, a esa categoría etérea xa definida dos actos simbólicos. E é que, en boa medida, algúns dos problemas que suscitan estas leis veñen da man da natureza de determinadas concesións graciosas vinculadas ao tradicional dereito premial (recoñecementos, nomeamentos, medallas, nomenclátor de rúas, etc.). O lexislador debería tomar nota dalgunhas das reflexións do profesor Garcés Sanagustín neste punto: se se pretende, lexitimamente, alterar e revogar concesións dos devanditos actos de mérito, deben articularse os mecanismos oportunos para evitar a lesión de dereitos fundamentais dos interesados ou dos seus herdeiros, en especial o honor.

Pero non só se lles debe outorgar protección xurídica ao honor ou a outros dereitos, senón que tamén se debe ser restritivo en canto ao que se refire á alteración dos ditos honores, pois en ocasións pouco ou nada tiveron que ver cun pasado autoritario. Dito doutro xeito, lembra con tesón que non é o mesmo ter caído nun lado da Historia que

ser partícipe activo da represión e da comisión de atrocidades variadas: non hai que «confundir adversarios con verdugos» (p. 79).

Oponse con tesón á imposición dunha «visión monolítica e incontrovertible» (p. 70) dos feitos históricos, ata o punto de que calquera opinión disidente se estaría a ver abocada a un ostracismo. E é que estas leis estarían, segundo o seu parecer, impondo unha determinada visión da historia (p. 72), ata o punto de estar a asistir á chegada do que vén chamar un «novo dereito político».

Todo iso, por non falar de determinadas afeccións á autonomía local que leis autonómicas (como a aragonesa de memoria democrática) estarían a causar sobre as competencias dos municipios, especialmente no que se refire á denominación das súas vías ou o problema da insuficiencia do rango para a afectación a determinados dereitos fundamentais, en materia sancionadora, de condutas que afectan á liberdade de expresión.

Neste capítulo atoparase tamén unha análise bastante detallada dun acontecemento de grande actualidade, como foi a exhumación dos restos mortais do ditador Franco do Valle de los Caídos. En resumo, ve adecuada a disposición destes –con excepcións en canto, por exemplo, á urxencia ou necesidade– para a súa retirada do dito recinto; máis complicada, se non inadecuada, é na súa opinión a obrigatoria reinhumación nun lugar alleo á vontade da familia. Ve, en todo caso, nalgunhas das resolucións xudiciais que se substanciaron con ocasión desta controversia, manifestacións do Dereito da Historia, ao tratar de emitir xuízos xurídicos sobre eventos históricos.

Por outro lado, paréceme capital, por ir á medula mesma da cuestión, un recordatorio que, case de pasada, realiza: «os programas das facultades de dereito son un bo exemplo dese devir histórico, dese incesante troco de valores e principios». Máis alá do estudo da historia do dereito, considero imprescindible que na explicación dos programas actuais das materias do grao en dereito se estude a xénese das institucións que compoñen os ditos programas. Fraco favor lle faríamos ao alumnado se nos limitásemos a explicar a lexislación vixente como un mero compendio de normas, ou polo menos así o creo. A súa reivindicación dos clásicos (p. 107) iría nesta liña, pois no caso contrario poderíamos incorrer no que denominou a «prepotencia da posteridade».

O segundo capítulo-ensaio –titulado «Aragón e os dereitos históricos»– ten por obxecto a análise dunha cuestión espiñenta no que se refire á articulación territorial do poder. Non debe confundirse o feito de que o autor se refira con carácter preferente á situación de Aragón con que estea limitada a ela. Máis ben ao contrario: as reflexións desta parte da obra servirán para o estudo desa configuración da organización territorial e, en especial, as lexitimidades pretendidas por algúns (en particular, nacionalistas).

O reflexo desta parte pivota arredor da recente Lei aragonesa 8/2018, do 28 de xuño, de actualización dos dereitos históricos de Aragón –lei que quedou practicamente desintegrada na súa totalidade pola declaración de inconstitucionalidade de boa parte do seu articulado operada pola Sentenza do Tribunal Constitucional 158/2019– e á súa pretendida vontade de configurar unha lexitimidade xurídica alternativa á

regap



RECENSIONES

Constitución de 1978. Esta lei, en opinión do autor, sería unha desas «normas que pretenden crear (...) unha identidade histórica» (p. 116) a través do dereito.

Neste capítulo vanse esmiuzando boa parte dos preceptos (agora declarados inconstitucionais), cunha análise que xa avanzaba a súa contradición coa norma suprema: a pretendida dobre «nacionalidade» aragonesa, o uso da bandeira, os principios de interpretación das normas aragonesas, as institucións autonómicas..., en evidente conflito, todos eles, coas competencias estatais e estatutarias.

Cre o autor, acertadamente, que «os nosos actuais foros son precisamente a Constitución española, o estatuto de autonomía e a lexislación emanada da Unión Europea» (p. 125). E sostén, parafraseando a Hans Huber (na súa célebre expresión sobre a discrecionalidade), que «unha inadecuada e exaxerada interpretación da disposición adicional primeira [da Constitución] pode introducir un “cabalo de Troia” no noso sistema constitucional» (p. 131). Deberíamos pensar –pregúntome eu–, nesa sempre en voga reforma da Constitución, na supresión desta disposición adicional? Quizais o pacto federal sexa unha solución que garanta a igualdade de toda a cidadanía e, asemade, o mantemento das ditas prerrogativas –mal chamadas «dereitos históricos»– dos territorios. En palabras de Garcés Sanagustín: «A Historia non debería outorgar dereitos» (p. 195).

E é que, en ocasións, parece esquecerse que a revolución liberal iniciada en Francia e os Estados Unidos o que pretende é precisamente iso: acabar con vellos privilexios territoriais e recoñecer dereitos aos individuos, non aos territorios. De aí a estupefacción non só do autor, senón de moitos polo feito de que sexa a esquerda a que, en ocasións, máis defende esta cuestión dos «dereitos históricos». Sirva como exemplo que un dos maiores adais do tema foi o deputado conservador Miguel Herrero y Rodríguez de Miñón. De calquera xeito, desde a xeneralización do proceso autonómico, a cuestión dos dereitos históricos perdeu, en boa medida, o seu sentido, reducíndose dalgún modo a unha arelada –por algúns– autodeterminación á marxe da Constitución e, engado, un non menos importante pacto de carácter económico e fiscal cos dous únicos territorios que o Tribunal Constitucional considera forais, na súa restrinxida e antiliberal visión da foralidad. E é que, «en realidade, a descentralización acometida a través das comunidades autónomas provocou un autogoberno moito maior do que podían soñar os foralistas» (p. 181).

Nas reflexións finais propón algunhas cuestións innovadoras e atractivas. Entre outras, por exemplo, a reivindicación do pasado musulmán dos nosos territorios, como método de integración das poboacións inmigrantes de orixe árabe. Advirte tamén dos perigos de utilizar o relato histórico como propaganda (p. 166), pois iso pode conducir a unha deslexitimación do sistema actual que actúe como dinamita para as súas bases. E critica o aparente feito de que, no presente, parece só importar o Estado para a prestación de servizos e, mentres iso funcione, non se advirten «demasiadas preocupacións pola situación real do Estado de Dereito, a calidade da participación democrática ou a saúde da moral pública» (p. 178), nunha chamada de atención a unha cidadanía responsable e comprometida.

Conclúe, en fin, cun emotivo epílogo co relato de parte da súa historia familiar e persoal, que ben merece unha lectura. Esta monografía, en definitiva, resulta suxestiva e estimulante a partes iguais. Suscita numerosas cuestións abertas, moitas dúbidas e non menos suxestións e proposicións. É un campo fértil para futuras investigacións. En todo caso, o máis importante é que non consintamos que esta simbiose entre Dereito e Historia acabe «socavando algunhas das garantías esenciais do Estado de Dereito» (p. 32).

Regap



RECENSÍONS

El recurso de casación en materia tributaria



MARÍA VICTORIA ÁLVAREZ BUJÁN

Avogada
Doutora en Dereito
Universidade de Vigo

Recibido: 10/03/2020 | Aceptado: 03/07/2020
DOI: <https://doi.org/10.36402/regap.v0i59.163>

Regap



RECENSIONES

ÁLVAREZ MENÉNDEZ, E.: *El recurso de casación en materia tributaria*, Aranzadi, Cizur Menor (Navarra), 2018, 723 pp. ISBN 978-84-9197-526-7.

A monografía obxecto de comentario é da autoría individual da doutora en Dereito Estefanía Álvarez Menéndez e trae causa, precisamente, da súa tese de doutoramento. Nela recóllese, precedido dun excelso prólogo redactado por Isabel García-Ovies Sarandeses, catedrática de Dereito Financeiro e Tributario da Universidade de Oviedo, un detido e exhaustivo exame da temática, sempre de actualidade e pouco pacífica na doutrina, relativa ao recurso de casación contencioso-administrativo, particularmente no ámbito tributario e tras a reforma operada pola LO 7/2015, do 21 de xullo.

O protagonista do libro é, sen dúbida, o Tribunal Supremo. A autora pon o acento no estudo das peculiaridades das diferentes fases de tramitación do recurso de casación, tomando especialmente en consideración que a preparación e admisión resultan claves para a prosperabilidade do recurso. Porén, a obra non fica nunha mera exposición teórica de contidos xurídicos, senón que inclúe interesantes propostas *de lege ferenda*, referidas con singularidade ao sistema de recursos existente na xurisdición contencioso-administrativa e tomando como parangón os modelos e ideas do dereito comparado.

A monografía goza dunha estrutura moi axeitada e componse dunha introdución e seis capítulos que tratan de xeito integral todas as cuestións elementais (alén de complementarias) e de interese ligadas ao recurso de casación.

O primeiro deles leva por título “A finalidade do recurso de casación: un estudo a través da súa evolución histórica”. Pormenoriza aquí a autora na influencia do dereito romano e do dereito intermedio italiano ata achegarse ao nacemento do recurso de casación en Francia, onde fai fincapé no factor histórico e no factor ideolóxico, contrastando o Antigo Réxime como nacemento do moderno recurso de casación que tivo lugar na Revolución Francesa. Emprega todo isto co propósito de aproximarse, a continuación, aos antecedentes históricos do recurso de casación en España, salientando as causas de desnaturalización da súa finalidade. A análise de corte histórico non se leva a cabo de maneira simplemente incidental ou coa pretensión de incrementar a extensión da obra, senón co fin de revelar a verdadeira finalidade deste recurso, como ben se anticipa xa no prólogo.

O segundo capítulo titúlase “O recurso de casación da LXCA 29/1998 con anterioridade á reforma operada pola LO 7/2015: implicacións actuais dun modelo esgotado”. A maior parte deste apartado céntrase no estudo, desde unha perspectiva de análise crítica e minuciosa, da regulación na xurisdición contencioso-administrativa do recurso de casación ordinario no que atinxe, como é lóxico en atención ao concreto obxecto de investigación, máis particularmente á esfera do dereito tributario, ben que as epígrafes segunda e terceira abordan o recurso de casación para unificación de doutrina e o recurso en interese de lei, respectivamente.

O capítulo terceiro afonda na “Urxente necesidade dun cambio de modelo”, conclusión á que arriba a autora tras efectuar unha aproximación ao recurso de casación civil e ao amparo constitucional, para tratar de explicar a dimensión obxectiva dos recursos examinando esta cuestión, así mesmo, desde a óptica do dereito de acceso aos tribunais previsto no CEDH.

